
Departamento de Música

PROGRAMACIÓN

DIDÁCTICA

CURSO 2019/20

IES Poeta Díaz Castro

1. Aspectos xerais da programación.

Datos do Departamento.

Legislación de

referencia. **Contexto da**

programación

1. Obxectivos xerais 1º ESO.

1.2. Obxectivos Xerais Obradoiro de Música.

1.3. Obxectivos mínimos do Departamento de Música.

1.4. Referencia as propostas de mellora con referencia ao curso anterior.

1.5. Contidos. Secuencia Trimestral por bloques e trimestres.

1.6 Temporalización 2º ESO. Unidades didácticas. Secuenciación.

1.7 Unidades Didácticas Xerais 1º ESO:

1.8- Obxectivos

- Criterios de avaliación.

- Contidos.

- Competencias clave.

- Estándares de aprendizaxe.

- Adecuación á diversidade.

- Recursos materiais e humanos utilizados para a avaliación.

- Indicadores de logro.

- Criterios de cualificación.

2. Obxectivos xerais 2º ESO.

2.1 Obxectivos mínimos do departamento de música, vinculados aso obxectivos xerais da etapa.

2.2 Referencia as propostas de mellora con referencia ao curso anterior.

2.3 Contidos. Secuencia Trimestral por bloques e trimestres.

2.4 Temporalización 2º ESO. Unidades didácticas. Secuenciación

2.5 Unidades Didácticas Xerais 2º ESO:

2.5.1 Unidade Didáctica Xeral I BLoque 1 " Interpretación e creación" e Bloque 4 " Música e tecnoloxía".

- Obxectivos
- Criterios de avaliación.
- Contidos.
- Competencias clave.
- Estándares de aprendizaxe.
- Adecuación á diversidade.
- Recursos materiais e humanos utilizados para a avaliación.
- Indicadores de logro.
- Criterios de cualificación.

2.5.2 Unidade Didáctica Xeral II BLoque 2" Escoita", Bloque 3 "Contextos musicais e culturais"

2. Obxectivos xerais 3º ESO.

3.1 Obxectivos mínimos do departamento de música, vinculados aso obxectivos xerais da etapa.

3.2 Referencia as propostas de mellora con referencia ao curso anterior.

3.3 Contidos. Secuencia Trimestral por bloques e trimestres.

3.4 Temporalización 3º ESO. Unidades didácticas. Secuenciación.

3.5 Unidades Didácticas Xerais 3º ESO:

3.5.1 Unidade Didáctica Xeral I BLoque 1 " Interpretación e creación" e Bloque 4 " Música e tecnoloxía".

- Obxectivos
- Criterios de avaliación.
- Contidos.
- Competencias clave.
- Estándares de aprendizaxe.
- Adecuación á diversidade.

- Recursos materiais e humanos utilizados para a avaliación.

- Indicadores de logro.

- Criterios de cualificación.

3.5.2 Unidade Didáctica Xeral II BLoque 2" Escoita", Bloque 3 "Contextos musicais e culturais". pax. 88

4 Obxectivos xerais 4º ESO.

4.1 Obxectivos mínimos do departamento de música, vinculados aso obxectivos xerais da etapa.

4.2 Referencia as propostas de mellora con referencia ao curso anterior.

4.3 Contidos. Secuencia Trimestral por bloques e trimestres. pax 105

4.4 Temporalización 4º ESO. Unidades didácticas. Secuenciación. pax 112

4.5 Unidades Didácticas Xerais 4º ESO:

4.5.1 Unidade Didáctica Xeral I BLoque 1" Interpretación e creación" e Bloque 4 " Música e tecnoloxía".

- Obxectivos

- Criterios de avaliación.

- Contidos.

- Competencias clave.

- Estándares de aprendizaxe.

- Adecuación á diversidade.

- Recursos materiais e humanos utilizados para a avaliación.

- Indicadores de logro.

- Criterios de cualificación.

4.5.2 Unidade Didáctica Xeral II BLoque 2" Escoita", Bloque 3 "Contextos musicais e culturais

5. Obxectivos xerais 1º de Bacharelato.

5.1 Obxectivos mínimos do departamento de música, vinculados aso obxectivos xerais da etapa.

5.2 Referencia as propostas de mellora con referencia ao curso anterior.

5.3 Contidos. Secuencia Trimestral por bloques e trimestres.

5.4 Temporalización 2º ESO. Unidades didácticas. Secuenciación.

5.5 Unidades Didácticas Xerais 2º ESO:

5.5.1 Unidade Didáctica Xeral I BLoque 1 " Destrezas musicais" Bloque 4 " A interpretación e a creación" e Bloque 5 " As tecnoloxías aplicadas ao son".

- Obxectivos

- Criterios de avaliación.

- Contidos.

- Competencias clave.

- Estándares de aprendizaxe.

- Adecuación á diversidade.

- Recursos materiais e humanos utilizados para a avaliación.

- Indicadores de logro.

- Criterios de cualificación.

- Temas transversais.

5.5.2 Unidade Didáctica Xeral II BLoque 2 " A audición comprensiva" eBloque 3 " A teoría musical"

6. Avaliación Inicial. Procedementos para a realización da avaliación inicial na ESO e Bacharelato.

7. Plans de seguimento das materias pendentes.

8. Metodoloxía Didáctica

9. Materiais e recursos didácticos.

10. Medidas de atención á diversidade.

11. Accións de contricucción ao proxecto lector.

12. Actividades complementarias e extraescolares.

13. Accións de contribución ao plan TIC.

ANEXO I

OPCIÓN DE TRABALLO DA PROGRAMACIÓN DE MÚSICA.

ANEXO II

CAMBIOS NA PROGRAMACIÓN POR CAUSAS EXCEPCIONAIS DO ESTADO DE ALARMA

1. Aspectos xerais da programación.

Datos do

Departamento.

Lexislación de

referencia. Contexto da

programación

Referencia a incorporación das propostas de mellora do curso anterior.

DATOS DO DEPARTAMENTO		
a. Membros do Departamento	Corpo	Anos de servizo no centro
Sandra Tenreiro Doldán	590	Toma de posesión 01/09/2003

b. Xefatura do Departamento		
Nome e Apelidos	Corpo	Período de Xefatura
Sandra Tenreiro Doldán	590	Curso 2015/16

c. Reunións do Departamento	
Realizarase 1 reunión mensual según lexislación.	

d. Materias impartidas polo Departamento en lingua castelá.		
Materias	Etapa	Cursos
Música	E.S.O	2º ESO 3º ESO 4º ESO.
MÚSICA	BACHARELATO	1º
Dinamización Biblioteca	-	-

Normalización Lingüística	-	-
---------------------------	---	---

	2.- CONCEPTOS CLAVE (Orde OCD 65/2015 (BOE 29/1/2015)
Desenvolvemento curricular	2ª nivel de planificación curricular. Elabora e revisa a CCP. Aproba o Claustro. Inclúese no PE
Programacións didácticas	3º nivel de planificación. Realizada polos departamentos didácticos
Programación de aula	4º nivel de planificación. Realizada polo profesorado.
Programación didáctica	Instrumento de planificación curricular específico de cada área que pretende ordenar o proceso de ensino-aprendizaxe do alumnado. Debe responder a estas cuestións: 1.- Que, cando e como ensinar / 2.- Que, cando e como avaliar / 3.- Como atender á diversidade
Criterios de avaliación	Son os que deben servir de referencia par valorar o que o alumno sabe e sabe facer en cada área/materia. Desglósanse en estándares
Estándares de aprendizaxe	Especifican os criterios de avaliación concretando o que alumno debe comprender, saber e saber facer Pretenden graduar o rendemento ou o logro acadado. Deben ser observables, medibles e avaliábles. Poden concretarse a través dos indicadores de logro
Criterios de cualificación	
Indicadores de logro	Son especificacións dos estándares para graduar o seu nivel de adquisición. Forman parte dos criterios de cualificación do dito estándar. O instrumento máis idóneo para identificar esa graduación sería a rúbrica. (O docente é o responsable da súa definición e posta en práctica)
Grao de consecución dun estándar	Serve para sinalar o grao mínimo de consecución esixible dun estándar para superara a materia (Artº 13º, 3d da Resolución 27/7/2015) (Canto maior sexa o grao esixido de consecución máis imprescindible se considera o estándar)
Estándares imprescindibles	Son os estándares mínimos esixibles para superar un área. O seu grao de adquisición debería estar en torno ao 100%. (Galicia non os menciona)
Criterios de cualificación e instrumentos	Serven para ponderar o "o valor" que se dá a cada estándar e a proporción que cada instrumento utilizado para avaliálo achega a ese valor.
Procedementos e instrumentos	Foron fiixados no Proxecto curricular do Ministerios en 1992. Habería que engadir as Rúbricas ou escalas e os Portfolios . "Os procedementos de avaliación utilizables, como a observación sistemática do traballo do alumnado, as probas orais e escritas, o portfolio, os protocolos de rexistro ou os traballos de clase, permitirán a integración de todas as competencias nun marco de avaliación coherente" (Ver artº 7º, 6, terceiro parágrafo, da Orde OCD 65/2015 (BOE 29/1/2015)
Rúbrica	Instrumento de avaliación que permite coñecer o grao de adquisición dunha aprendizaxe ou dunha competencia
Portfolio	Achega de producións dun alumno/a
OUTROS ASPECTOS	
Graduación dos estándares	Para identificar o progreso dos mesmos ao longo dunha etapa
Perfil de área	Conxunto de estándares que ten unha materia. Son a referencia para a programación, a avaliación e o reforzo (Ver artº 5º, 6 Orde ECD 65/2015)
Perfil competencial	Conxunto de estándares de diferentes áreas relacionados coa mesma competencia clave (Ver artº 5º, 7 Orde ECD 65/2015)
Avaliación das competencias	"A avaliación do grao de adquisición das completencias debe estar integrada coa avaliación dos contidos, na medida en que supón mobilizar os coñecementos, destrezas, actitudes e valores (Artº 7º,3 da Orde ECD 65/2015)
Nivel de desempeño das competencias.	... "Poderanse medir a través dos indicadores de logro, tales como rúbricas ou escalas de avaliación ... que teñan en conta á atención á diversidade (Art 7º, 4 da Orde ECD/65/2015)

Tarefa	É a acción ou conxunto de accións orientadas á resolución dunha situación ou problema, nun contexto definido, combinando todos os saberes dispoñibles para elaborar un produto relevante. As tarefas integran actividades e exercicios.
Identificación de contidos e criterios	Exemplo: B1.1 : B1: Bloque de contido / 1: Número de contido dun bloque
Identificación de estándares	Exemplo: XH B1.1 .2 XH: Abreviatura da área: Xeografía e Historia B1. Bloque de contidos do que xorde o estándar 1. Número do criterio de avaliación que orixina o estándar 2. Número de estándar dun determinado criterio de avaliación.

Contexto.

Determinado na Programación Xeral Anual do Centro.

1. OBXECTIVOS XERAIS 1º E.S.O

Artigo 10. Obxectivos da educación secundaria obrigatoria A educación secundaria obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e nas alumnas as capacidades que lles permitan:

- a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.

l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.

m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

1. 1. OBXECTIVOS XERAIS OBRADOIRO DE MÚSICA

1. Continuar a formación musical recibida polo alumnado na Educación Primaria.

2. Gozar da música como oínte e como intérprete.

3. Tomar consciencia do valor sociabilizador e de traballo en conxunto a través da práctica instrumental colectiva.

4. Involucrarse nos procesos de creación artística vinculados a música a través dos proxectos que xurdan ao longo do curso.

5. Traballar de formas diversas o uso da voz falada e cantada como medio de expresión de ideas e sentimentos e aplicando novos procedementos técnicos.
6. Adquirir un manexo básico dos elementos claves para a creación musical.
- 7 Utilizar as ferramentas TIC da información e da comunicación para achegarse a actualidade da cultura musical e como instrumentos para expresar e dar a coñecer as nosas creacións.
8. Fomentar a participación activa e a implicación dos alumnos nas actividades do centro a través da materia como vehículo integrador.
9. Desenvolver valores como o esforzo, a constancia, a disciplina, a toma de decisións, a autonomía e o compromiso.
- 10 Traballar baixo o principio de igualdade por razón de xénero fomentando as vocacións musicais libres de estereotipos e prexuízos sexistas.
11. Favorecer a adquisición das competencias clave que axuden ao alumno na súa maduración persoal, principalmente desenvolvendo as capacidades sociais e expresivas.

1.2 OBXECTIVOS MÍNIMOS DEPARTAMENTO DE MÚSICA vinculados aos obxectivos xerais da etapa. (Adaptación aos contidos que se traballan na materia e os obxectivos xerais do currículo expostos no punto anterior.)

- 1. Participar con espírito de cooperación, responsabilidade moral, solidariedade e tolerancia, favorecendo o respecto entre compañeiros e cara o profesor, tanto en actividades teóricas como prácticas instrumentais.**

Participar en actividades musicais dentro e fóra da escola con actitude aberta, interesada e respectuosa, tomando conciencia, como membro dun grupo, do enriquecemento que se produce coa propia participación e coas aportacións dos demais á hora de conseguir unha execución adecuada. O alumnado que se nega a participar deberá presentar un claro informe médico que xustifique ese estado.

Criterios de avaliación:

- Asumir as actitudes necesarias para a produción da música en grupo, respectando en todo momento as propostas e aportacións dos demais, valorando o que delas se pode extraer para engadir ás propias, e preocupándose pola expresividade do resultado final.
 - Colaborar, na medida das súas posibilidades, na organización, planificación e execución das diferentes actividades musicais que se programen no centro e fóra del, asumindo o papel que lle corresponda.
 - Comprender e aceptar as diferentes normas que rexen o comportamento do público en cada situación concreta.
- 2. Valorar e utilizar o silencio como elemento fundamental, condición previa e indispensable para levar a cabo un traballo evolutivo e coordinado na aula. Silencio antes, durante e despois da actividade idáctica. O silencio como símbolo de respecto á**

materia, o profesor e o resto de compañeiros.

omar consciencia da importancia do silencio como condición previa e indispensable para a existencia da música e como elemento de harmonía na relación cun mesmo e cos demais, tomando consciencia da agresión que supón o uso indiscriminado do son.

Criterio de avaliación:

- Aceptar as diferentes normas básicas de interpretación e audición en grupo, respectando o necesario marco de silencio e atención para ámbalas dúas actividades, e para outras cotiás, tanto dentro como fora da aula.

- 3. Respetar e valorar as instalacións e material didáctico da aula e o que se achegue fora do material inventariado. Traer o material correspondente que se lle pide con anterioridade. Os gastos dos danos causados correrán a cargo dos alumnos causantes dos feitos e de non coñecerse o culpable, a cargo dos grupos e incluso do nivel correspondente ou etapa. No caso de desaparición do material obrarase do mesmo xeito.**

Criterio de avaliación:

- Utilizar correcta e adecuadamente os instrumentos e outros materiais didácticos seguindo as indicacións do profesor en cada caso.
- Mostrar interese en coñecer o funcionamento do material da aula ou de fora dela para darlle maior aproveitamento e mellorar o seu rendemento de traballo.

- 4. Desenvolver hábitos de mellora e superación persoal, durante todo o curso escolar. O alumnado deberá mellorar a súa evolución dunha ficha ou unidade a outra, dunha clase práctica instrumental/ vocal a outra, demostrando a súa capacidade de superación e o seu interese.**

Criterio de avaliación:

- Comprender e rectifica os erros que ten nas diferentes actividades.
- Buscar medios e recursos dentro e fora da aula para mellorar a súa capacidade favorecendo os resultados no traballo individual e grupal.

- 5. Respetar e traballar na investigación de audición de obras musicais de diferentes épocas, estilos e lugares, como forma de comunicación e como fonte de enriquecemento cultural, interesándose por ampliar e diversificar as súas preferencias musicais, atendendo a definir a obra,o seu período histórico, as súas características, xénero, autor e forma musical.**

Criterios de avaliación:

- Seguir partituras ou fragmentos musicais en diferentes sistemas de notación musical mentres se escoita a obra correspondente, percibindo as relacións coas características musicais do estilo ou xénero utilizado.
- Recoñecer os diferentes elementos da música e utilizar correctamente a terminoloxía, relacionando as obras co seu contexto histórico e social, emitindo opinións razoadas sobre os aspectos máis relevantes das obras ou fragmentos escoitados e a súa relación cos propios gustos.
- Realizar correctamente as actividades que se propoñan como apoio á audición musical, empregando a linguaxe musical, a práctica instrumental e vocal, e o movemento.
- Utilizar correctamente a terminoloxía propia dos diferentes elementos da música escoitada(tempo, carácter, dinámica...), e os termos relacionados co seu contexto histórico.

- Valorar a importancia do silencio como actitude básica do oínte fronte a determinadas manifestacións musicais.
- 6. Utilizar de forma autónoma e creativa diversas fontes de información(partituras, medios audiovisuais e outros recursos gráficos) para o coñecemento e goce da música, e aplicar a terminoloxía apropiada para comunicar las ideas propias e explicar os procesos musicais.**

Criterios de avaliación:

- Criterios de avaliación:

Ler e interpretar con corrección, coa voz ou os instrumentos, fórmulas e fragmentos de música escrita como apoio á práctica musical e á audición, utilizando os elementos coñecidos da linguaxe musical e comprendendo a relación da grafía coa música.

- Empregar con propiedade os termos relacionados co feito musical na presentación de traballos escritos o exposicións orais.
- Utilizar e crear novas formas de notación musical propias que lle axuden ó seguimento da materia.
- Coñecer e valorar a evolución e situación actual dos principais medios audiovisuais e as técnicas de gravación do son, utilizándoos con autonomía.

7. Interpretar obras musicais ou fragmentos de estas como exemplos da creación artística e do patrimonio cultural.

Criterios de avaliación:

- Desenvolver os recursos e habilidades técnicas necesarias para interpretar obras e fragmentos de diferentes períodos.
- Mostrar interese e esforzo por evolucionar individualmente para mellorar as interpretacións grupais.

8. Expresar de maneira autónoma as ideas e sentimentos mediante o uso da voz falada ou cantada, de instrumentos e do movemento, ben a través de traballos escritos ou exposicións orais, co fin de enriquecer as súas posibilidades de comunicación, respectando outras formas de expresión.

Criterio de avaliación:

- Examinar e explicar con criterio musical ben oralmente ou por escrito a relación entre os acontecementos históricos e o feito musical empregando un vocabulario axeitado para describir percepcións e coñecementos musicais.
- Poner en práctica as cuestións técnicas traballadas na aula para mellorar a expresión musical individual e colectiva.

9. Mostrar motivación e iniciativa na planificación para a posta en escena de creacións audiovisuais, utilizando o movemento e a expresión corporal e apreciar a actividade como unha forma que contribúe a mellora da relación persoal co resto do grupo e beneficia o equilibrio e resultado xeral da obra creada.

Criterio de avaliación:

- Mostrar unha actitude aberta e activa interesándose por desenvolver as capacidades e as habilidades técnicas para acadar a expresión axeitada en cada interpretación e a posta en escena determinada para cada caso.

10. Ser puntual na realización de traballos individuais na aula, na presentación de traballos no prazo previsto e na atención para non retardar o comezo das actividades propostas.

Criterio de avaliación:

- Mostrar interese finalizando en los tempos determinados as actividades de aula, non retardando a evolución da sesión e prexudicando o resto do grupo.
- Atender á entrega inmediata de traballos o tarefas de aula que se levan con retraso por causas alleas a súa vontade, consultando as dúbidas e solicitando a profesor e compañeiros o material de ser necesario para poñerse o día.

1.3 Referencia as propostas de mellora con referencia ao curso anterior.

Este é o primeiro ano académico no que se impartirá o Obradoiro de Música no IES Poeta Díaz Castro, polo que non temos propostas.

1.4 CONTIDOS 1º ESO. SECUENCIA TRIMESTRAL

Contidos 1º ESO 1º Trimestre. Bloque 1. Interpretación e creación I

Contidos	Criterios de Avaliación	Estándares de Aprendizaxe	Competencias Claves
Figuras rítmicas. redondas, brancas, negras e corcheas cos seus respectivos silencios	Identificar o pulso, figuras rítmicas básicas; sonoridade maior e menor; timbres instrumentais e vocais e diferentes intensidade e velocidades	Identifica figuras rítmicas básicas.	CCEC Conciencia e expresións culturais.
A altura das notas. Dinámicas e matices		Diferenza en tons melódicos maiores e menores.	
O compás binario, ternario e cuaternario.		Identifica e transcribe ditados de patróns rítmicos e melódicos con formulacións sinxelas en estruturas binarias, ternarias e cuaternarias.	CAA Competencia aprender a aprender.
Grafías convencionais na lectura, na escritura e na interpretación de cancións e de pezas instrumentais	Interpreta pezas sinxelas e de memoria nos instrumentos melódicos e harmónicos da		

sinxelas.		aula, tras o seu estudo.	
Ergonomía. Elementos para unha correcta colocación postural á hora de interpretar calquera instrumento ou de traballar a nosa voz.	Interpretar pezas instrumentais cunha postura corporal adecuada e con precisión rítmica e melódica.	Mantén unha postura correcta ao tocar ante os instrumentos.	CAA CCEC
Técnica básica na pequena percusión	Interpretar pezas instrumentais cunha postura corporal adecuadas e con precisión rítmica e melódica.	Utiliza técnicas axeitadas ao tocar os diferentes instrumentos.	CAA CCEC

Contidos 1º ESO 2º Trimestre. Bloque 1. Interpretación e creación II

Continuidade e reforzo dos contidos xa traballados no primeiro trimestre

Contidos	Criterios de Avaliación	Estándares de Aprendizaxe	Competencias Claves
A escala musical e o seu uso máis habitual na música occidental. Uso da escala diatónica maior e da escala pentatónica.	Improvisar e interpretar estruturas musicais elementais construídas sobre os modos e as escalas máis sinxelas e os ritmos máis comúns.	Improvisa e interpreta estruturas musicais elementais construídas sobre os modos e as escalas máis sinxelas e os ritmos máis comúns.	CCA. Competencia aprender a aprender. CCEC Conciencia e expresións culturais.
Utilización da escoita de pequenas melodías para realizar coreografías individuais.	Integrar os movementos dunha coreografía de forma sincronizada co pulso	Segue o pulso ao moverse en coreografías.	CCA. Competencia aprender a aprender. CCEC Conciencia e expresións culturais. CSC. Competencia social e cívica.
A forma musical; formas binarias e ternarias.	Coñecer os principios básicos dos procedementos compositivos e as formas de organización musical.	Comprende os conceptos e termos básicos relacionados cos procedementos compositivos e cos tipos formais.	CAA
Aceptación e predisposición para mellorar as capacidades técnicas e interpretativas propias, e respecto ante outras formas de expresión.	Respectar as normas que rexen a interpretación individual e en grupo	Participa de xeito activo en agrupacións vocais e instrumentais, colaborando con actitudes de mellora e de compromiso e amosando unha actitude aberta e respectuosa.	CAA CCEC Conciencia e expresións culturais. CSIEE Sentido de iniciativa e espírito emprendedor. CSC

Contidos 1º ESO 3º Trimestre. Bloque 1. Interpretación e creación III

Continuidade e reforzo dos contidos xa traballados no primeiro trimestre e no segundo trimestre.

Contidos	Criterios de Avaliación	Estándares de Aprendizaxe	Competencias Claves
Exploración das posibilidades de diversas fontes sonoras e práctica de habilidades técnicas para a interpretación	Explorar as posibilidades de distintas fontes e obxectos sonoros.	Investiga e indaga de forma creativa as posibilidades sonoras e musicais dos obxectos.	CAA CSIEE Sentido de iniciativa e espírito emprendedor CSC CCEC

CONTIDOS 1º ESO. Trimestre. 1º. Bloque II. Escoita

Contidos	Criterios de Avaliación	Estándares de Aprendizaxe	Competencias Claves
Interese por desenvolver hábitos positivos e de respecto ás demais persoas durante a escoita.	Valorar o silencio como condición previa para participar nas audicións	Valora o silencio como elemento indispensable para a audición.	CCEC CSIEE CSC

CONTIDOS 1º ESO. Trimestre. 2º. Bloque II. Escoita

Reforzaranse os contidos traballados en trimestres anteriores.

Contidos	Criterios de Avaliación	Estándares de Aprendizaxe	Competencias Claves
Elementos que interveñen na construción dunha obra musical; melodía, ritmo, harmonía, timbre, textura, forma, tempo e dinámica.	Ler distintos tipos de partituras no contexto das actividades musicais da aula como apoio ás tarefas de audición.	Segue partituras sinxelas como apoio á audición.	CSIEE Sentido de iniciativa e espírito emprendedor CMCCT. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.

CONTIDOS 1º ESO. Trimestre. 3º. Bloque II. Escoita

Reforzaranse os contidos traballados en trimestres anteriores.

Contidos	Criterios de Avaliación	Estándares de Aprendizaxe	Competencias Claves
Identificación dos elementos e das súas características na audición e na análise de obras musicais.	Analizar diversas producións sonoras e comparar diferentes versións das mesmas, valorando a práctica e a técnica d@s intérpretes e o esforzo e a dedicación dos estudantes profesionais da Música.	Emprega conceptos musicais para comunicar coñecementos xuízos e opinións musicais de forma oral e escrita con rigor e claridade.	CCL CSIEE Sentido de iniciativa e espírito emprendedor

Contidos 1º ESO 1º, 2º e 3º Trimestre. Bloque 3 Contextos musicais e culturais I

Contidos	Criterios de Avaliación	Estándares de Aprendizaxe	Competencias Claves
A música como oínte.	Realizar escoita activa de audicións de diferentes épocas e contextos, incidindo especialmente na música propia da cultura galega.	Mostra unha actitude de respecto e atención durante a escoita de audicións.	CSC CCEC Conciencia e expresións culturais.
A música da cultura galega e de outras culturas diferentes á nosa.	Mostrar interese e respecto ao coñecer música de diferentes procedencias.	Realiza comentarios descritivos e crítico-construtivos tras a escoita de obras diferentes	CCL CSIEE Sentido de iniciativa e espírito emprendedor

Contidos 1º ESO 1º, 2º e 3º Trimestrais. Bloque 4 Música e tecnoloxías.

Contidos	Criterios de Avaliación	Estándares de Aprendizaxe	Competencias Claves
A cultura musical nas fontes de información que existen na rede.	Localizar noticias culturais e musicais de actualidade en internet.	Localiza en internet noticias de interese cultural e as expón na clase para enriquecemento cultural de todo o grupo.	CCL CMCCT. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.
O correo gmail como ferramenta para compartir creacións musicais e outros documentos por todo o grupo	Manexar o seu correo gmail de grupo con soltura, mostrando a súa capacidade para compartir ideas e proxectos co resto da clase.	Realiza a través da conta de correo grupal un seguimento correcto do seu caderno viaxeiro. Mostra capacidade para subir e corrixir documentos en drive.	CMCCT. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía. CSIEE Sentido de iniciativa e espírito emprendedor CCL

1.5 TEMPORALIZACIÓN 1º E.S.O. UNIDADES DIDÁCTICAS SECUENCIACIÓN.

1º E.S.O

Contidos.

1ª Aval Contidos.		Temporalización	Probas avaliación
Unidade1 “Interpreta e crea I”	Parámetros do son. Elementos básicos da linguaxe musical. Instrumentos e corpo como medios de expresión musical.	10-20 minutos por sesión	Interpretación grupal de pasaxes sinxelos de linguaxe musical. Marcar ritmos básicos con percusión de aula e percusión corporal.
	Características da voz como medio de expresión musical.	Sesións alternas.	Interpretar vocalmente en coordinación con el resto del grupo entre 10 y 20 compases.
	Práctica das pautas básicas da interpretación. Aceptación e cumprimento das normas que rexen a interpretación en grupo. Aceptación e predisposición para mellorar a súa interpretación.	Con continuidade ao longo do curso	Realizarase o seguimento nas probas de prácticas instrumentais e vocais.

Práctica da relaxación, a respiración, a resonancia e a entoación. Posición corporal correcta.		Con continuidade ao longo do curso	Observación sistemática .
--	--	------------------------------------	---------------------------

	Práctica de pezas musicais aprendidas a través da memorización e de lectura de partituras.		Sesións alternas	Observación sistemática. Análise e seguimento da tarefa.
Unidade 2 “Escoita I”	Sensibilización e actitude crítica de obras vocais e instrumentais de distintos estilos, xéneros, tendencias e culturas musicais, incluíndo as interpretacións e composicións realizadas na aula. Investigación de músicas de distintas características para ampliar as propias preferencias musicais.		Sesións alternas. 20 minutos	Realizarase o seguimento nas probas de audición e atención en aula. Observación directa.
	B2.2 Utilización dos recursos necesarios para a comprensión da música escoitada. Elementos que interveñen na contrición dunha obra; melodía, textura, forma, tempo...		10´ Actitude escoita práctica en todas as sesións trimestrais.	Probas de análise de audición e traballos de investigación de forma oral ou escrita. Mínimo dúas e máximo 4 por trimestre.
	B2.3 Identificación dos elementos da música e das súas características na audición e na análise de obras musicais.		Rexistro de datos dos cadernos musicais, música asociada aos puntos de ubicación dos cadernos.	Probas de análise de audición e traballos de investigación orais.

Unidade 3 “Contextos musicais e culturais I”	B3.2 Estudio da música de diferentes épocas e culturas, características e autores máis relevantes.		Sesións alternas coa sesión práctica	Ficha de Análise de audición
	B3.5 Utilización de diversas fontes de información para indagar sobre, instrumentos do patrimonio galego como da música occidental en xeral e doutras culturas.		Sesión alternas. Mínimo 3 no trimestre.	Prácticas guiadas en aula de percusión tradicional, seguindo as indicacións do profesor.
2ª Aval. Contidos			Temporalización	Probas avaliación
Unidade 4 “Interpreta e crea II”	Posta en práctica e asentamento dos contidos traballados na 1ª Avaliación.		Compaxínanse os tempos establecidos na 1ª Avaliación, coas novas probas alternativamente	
	B1.7 Aceptación e predisposición para mellorar as capacidades técnicas e interpretativas propias, e respecto ante outras formas de expresión.		Traballo diario de aula. Actitude práctica en todas as sesións.	Observación sistemática. Diario de clase para o seguimento do alumnado.
	Seguimento no mapa do Caderno musical viaxeiro.		Unha vez ao mes actualización de datos.	Utilización da conta gmail para informar ao grupo do movemento dos cadernos musicais viaxeiros e actualización do mapa.

	Lectura en aula dalgún estilo musical asociado aos puntos onde se localiza o caderno.		Consello de exposición de datos unha vez ao mes. Mínimo 30 minutos da sesión.	Actitude en aula e interés por acadar información ao longo do trimestre.
Unidade 5 “Escoita II”	Posta en práctica e asentamento dos contidos traballados na 1ª Avaliación.		Compaxínanse os tempos establecidos na 1ª Avaliación, coas novas probas alternativamente	Atención aos cumprimentos de obxectivos xerais que serán anotados no caderno do profesor.
	Sensibilización e actitude crítica de obras vocais e instrumentais de distintos estilos, xéneros, tendencias e culturas musicais, incluíndo as interpretacións e composicións realizadas na aula. Investigación de música de distintas características para ampliar as propias preferencias musicais.		Sesións abertas a aportación de novo material musical que o propio alumno xustifique para ser traballado en aula.	Valoración de alumnado con iniciativa, capacidade para aprender aprender e interese por coñecer e ampliar cultura musical xeral. Recollido no caderno de aula do profesor.
	Identificación dos elementos da música e das súas características na audición e na análise de obras musicais.		Tódalas sesións agás as necesarias para actualización do caderno musical e exposición de novos estilos e audicións musicais.	Ficha de audición musical determinada.
Unidade 6 “Contextos musicais e culturais II”.	Posta en práctica e asentamento dos contidos traballados na 1ª Avaliación.		Ao longo do trimestre.	Seguimento no caderno do profesor e observación directa en aula.

	Utilización de fontes de información para obter información cultural dos países ou rexións onde se atopan os cadernos.		Mínimo unha sesión por mes, ou dúas medias sesións. (aprox)	Valoración do interés e iniciativa na investigación e actualización de datos.
Unidade 7 “Música e Tecnoloxías II”	Utilización dos dispositivos electrónicos, recursos da internet e software musical de distintas características para o seguimento dos Cadernos musicais viaxeiros.		Unha sesión por mes en aula. Control dos correos durante o trimestre.	Utilización responsable da conta de correo para compartir información dentro do grupo. Creación de documento drive para recoller a información aprendida en base ao seguimento do noso caderno.
3ª Aval Contidos			Temporalización	Probas avaliación
Unidade 8 “ Interpreta e crea III”	Posta en práctica e asentamento dos contidos traballados na 1ª Avaliación e na 2ª		Compaxínanse os tempos establecidos na 1ª Avaliación, coas novas probas alternativamente	Xa comentadas en cada unidade.
	B1.4 Experimentación e práctica das técnicas do movemento e expresión corporal		Cada 2 sesións trimestrais.	Observación directa e gravación da posta en escena a través do movemento corporal de diferentes obras.

Unidade didáctica 8 “Escoita III”	Posta en práctica e asentamento dos contidos traballados na 1ª e na 2ª Avaliación.		Procedemento habitual en varias das actividades realizadas no trimestre	Observación sistemática · Gravacións e análise
Unidade 9 “Contextos musicais e culturais III”	A música en vivo. Os concertos en vivo e outras propostas musicais de actualidade.		20 sesións alternas.	Fichas de audición ou musicogramas. Seguimento ou realización.
Unidade didáctica 10 “Música e tecnoloxías III”	Posta en práctica e asentamento dos contidos traballados na 1ª Avaliación e na 2ª		Compaxínanse os tempos establecidos na 1ª e 2ª Avaliación, coas novas probas alternativamente	Xa comentadas en cada unidade.

1.6 1º ESO UNIDADES DIDÁCTICAS XERAIS

Expoñemos de seguido os modelos de UNIDADES DIDÁCTICAS cos que traballaremos o longo do curso para levar a cabo o control na materia OBXECTIVOS DE APRENDIZAXE, CONTIDOS QUE SE TRABALLAN, COMPETENCIAS BÁSICAS, DESEMPEÑOS OU INDICADORES DE LOGRO DE COMPETENCIAS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN VINCULADOS A ESE CONTIDO, INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN, TAREA QUE SE DESENVOLVE, ADECUACIÓN Á DIVERSIDADE, RECURSOS E MATERIAIS, VALORACIÓN DA UNIDADE.

Nas UNIDADES DIDÁCTICAS XERAIS o profesor marcará na esquerda cunha X os apartados que cree oportuno traballar en cada clase en función das necesidades do alumnado e das competencias que queremos acadar.

1º E.S.O

UNIDADE DIDÁCTICA XERAL I

Temas/ tarefas:

nº de sesións:

Tempo dedicado a estes traballos en cada sesión:

OBXECTIVOS BLOQUE 1" INTERPRETACIÓN E CREACIÓN" E BLOQUE 4 "MÚSICA E TECNOLOXÍAS".

(En negrita obxectivos mínimos).

	Saber intepretar con corrección fragmentos de obras de diferentes períodos e estilos para desenvolver actitudes positivas que favorezan os traballos en grupos e individuais.
	Interpretar pequenos fragmentos ou cancións con diferentes instrumentos que teñen na súa aula; guitarra, percusión, instrumental Orff ou fruta dependendo da finalidade, ben por imitación ou lendo partituras.
	Crear diferentes medios para acadar a interpretación nos instrumentos, novas notacións, consignas musicais ou extramusicais para achegarse a lectura e a interpretación conxunta.
	Utilizar o movemento corporal e a danza como unha forma de interiorización do

	fenómeno musical e de sociabilidade grupal.
	Ser capaz de improvisar e manexarse co seu instrumento para solucionar problemas e imprevistos que poidan xurdir durante unha actividade ou gravación dun proxecto ou traballo de aula.
	Empregar a voz cantada, na interpretación individual e colectiva, emitindo afinadamente con corrección e controlando a respiración no fraseo, dun xeito autónomo e espontáneo.
	Respectar as normas para o bo funcionamento das clases prácticas instrumentais, vogais ou de danza.
	Crear e improvisar utilizando como fonte de inspiración un motivo extramusical, un titular de prensa, un poema ou outras ideas que se queren transmitir.
	Interpretar 4 dos acordes básicos maiores e menores nos instrumentos harmónicos presentes na aula.
	Participar en actividades musicais dentro e fora da escola con actitude aberta, interesada e respectuosa, tomando conciencia, como membro dun grupo, do enriquecemento que se produce coa propia participación e coas achegas dos demais á hora de conseguir unha execución adecuada.
	Desenvolver a técnica necesaria co traballo individual para procurar un resultado final do grupo satisfactorio.
	Asumir actitudes necesarias para a produción da música en grupo respectando en todo momento as aportacións dos demais.
	Colaborar na utilización e manexo correcto dos recursos tecnolóxicos da aula, para organizar, planificar e acadar a gravación de actividades audiovisuais dentro e fora da aula.
	Afondar no uso das novas tecnoloxías e a información nas redes sociais e internet de forma responsable, axudando na evolución do grupo para actualizar a información.
	Coñecer os diferentes medios de creación, produción e gravación musical, valorando as fontes musicais en función da súa procedencia.
	Crear movementos e coreografías organizadas no escenario para mellorar a presentación escénica dos traballos da aula
	Realizar pequenas creacións audiovisuais para transmitir ideas cos recursos que están a nosa disposición no centro ou fóra del.
	Mostrar creatividade e iniciativa nos diferentes traballos de produción e gravación sonora.

UNIDADE DIDÁCTICA XERAL I. CRITERIOS DE AVALIACIÓN.

Tema:

Nº de sesións:

Tempo de traballo en cada sesión:

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

BLOQUE 1 " INTERPRETACIÓN E CREACIÓN" E BLOQUE IV " MÚSICA E TECNOLOXÍAS"

	Distinguir e utilizar os elementos da representación gráfica da música segundo o nivel da unidade a traballar
	Analizar y comprender o concepto de textura e recoñecer, a través da audición e a lectura de partituras, os tipos de textura,
	Coñecer os principios básicos dos procedementos compositivos e as formas de organización musical.
	Aceptar as normas que rexen a interpretación en grupo e achegar ideas musicais que contribúan ao perfeccionamento da tarefa común.
	Amosar interese polas actividades de composición, e improvisación e amosar respecto polas creacións dos seus compañeiros e das súas compañeiras.
	Participar activamente e con iniciativa persoal nas actividades de interpretación, asumindo diferentes papeis, intentando concertar a súa acción co resto do conxunto.
	Explorar as posibilidades de diferentes técnicas e fontes sonoras instrumentais.
	Utilizar con autonomía e responsabilidade social os recursos tecnolóxicos dispoñibles, demostrando un coñecemento básico das técnicas e dos procedementos necesarios para gravar, reproducir, crear, interpretar música e realizar sinxelas producións audiovisuais.
	Utilizar de maneira funcional os recursos informáticos dispoñibles para a aprendizaxe e a indagación do feito musical.

UNIDADE DIDÁCTICA XERAL I CONTIDOS.

CONTIDOS.

BLOQUE 1 " INTERPRETACIÓN E CREACIÓN" E BLOQUE IV " MÚSICA E TECNOLOXÍAS".

	Notación musical. Graffias musicais na música tradicional e actual. Anotamos lo que creamos. (alternativas a notación académica).
	Formas de compoñer: fontes, estruturas, texturas. La poesía y la música.
	Técnicas de percepción musical a través do movemento e a percusión corporal e instrumental Orff.
	O silencio como elemento da linguaxe musical e como ferramenta de traballo.
	Aceptación e cumprimento das normas que rexen a interpretación en grupo.
	Iniciativa e predisposición para mellorar as capacidades técnicas e intepretativas.
	Creación de pasaxes musicais inéditos de forma individual ou grupal para mellorar as pezas interpretadas na aula.
	Práctica, creación, memorización e interpretación de pezas musicais en grupo, aprendidas a través de métodos diferentes de notación, incluídas as propias, creadas na aula de música para mellorar os resultados de interpretación de pezas.

CONTIDOS. BLOQUE IV " MÚSICA E TECNOLOXÍAS".

	Utilización de dispositivos electrónicos dos que dispoñemos na aula de música para planificar a reprodución e gravación do son/ imaxe.
	Coñecemento e posta en práctica dos instrumentos e accesorios electrónicos instrumentais da aula.
	Uso dos recursos tecnolóxicos como fontes de información nos procesos de planificación e desenvolvementos de actividades.
	Participación no emprego e coñecemento dos recursos necesarios para conservar e difundir as creacións musicais da aula de música.
	Actitude crítica e respectuosa durante os procesos de creación gravación e difusión da nosa música e proxectos audiovisuais.

	Utilización dos diferentes recursos audiovisuais para a exposición de traballos na aula, de xeito que se enriquezan os contidos da exposición e se mostre a amplitude do traballo ou análise que se está a facer.
--	---

1º ESO. UNIDADE DIDÁCTICA XERAL I. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE. BLOQUE 1 " INTERPRETACIÓN E CREACIÓN" E BLOQUE IV " MÚSICA E TECNOLOXÍAS".

COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA. Estándares de aprendizaxe	
	Realiza as intervencións orais ou escritas, utilizando unha terminoloxía axeitada, unha entoación clara e cunha mensaxe con sentido.
	Participa en intercambios comunicativos instrumentais e vocais onde expresa emocións, sentimentos e xuízos de valor sobres as obras musicais escoitada e interpretadas, propias ou alleas.
	Sintetiza as frase musicais expresando o seu sentido e estrutura.
	Mostra interese por ler nunha nova notación musical académica ou de nova creación.
	Lee e comprende as instrucións antes de cada intervención.
	Interpreta correctamente e utiliza a linguaxe musical.
COMPETENCIA MATEMÁTICA	
	Aplica proporcións e operacións matemáticas no estudo de pasaxes musicais, como as equivalencias rítmicas, escalas, intervalos, notacións homónimas e musicogramas.
	Recoñece o uso dos conceptos matemáticos na linguaxe musical a través da visualización de partituras e diferentes formas musicais ou recursos de aula.
	Utiliza o significado das cifras utilizadas na notación convencional.
	Cóñece os avances históricos da ciencia e a súa repercusión na historia da música e a evolución da organoloxía.

	Realiza en contextos reais estimacións e medicións de forma axustada.
	Aplica estratexias de formulación, xeometría ou aplica métodos analíticos na resolución e organización do traballo ou problemas musicais.
COMPETENCIA DIXITAL	
	Utiliza diversas fontes de información para indagar sobre as novas tendencias, representantes, grupos de música popular e realiza unha revisión crítica de esas producións.
	Busca e manexa información significativa en soportes impresos, medios de comunicación audiovisuais e internet sobre contidos musicais de diferentes épocas.
	Transforma a información dixital en coñecementos prácticos.
	Utiliza os recursos materias para a gravación e reprodución do son e da imaxe na aula de música ou fora dela, na función e coa finalidade que se determina.
APRENDER A APRENDER CAA	
	Amosa interese polo coñecemento e a aplicación de técnicas e normas do coidado da voz, corpo e os instrumentos.
	Coñece e pon en práctica as técnicas de control de emocións á hora de mellorar os seus resultados na exposición ante un público.
	Realiza improvisacións e composicións partindo de pautas previamente establecidas.
	Participa activamente en agrupacións vocais e instrumentais, colaborando con actitudes de mellora e compromiso e amosando unha actitude aberta e respectuosa.
COMPETENCIAS SOCIAIS E CÍVICAS CSC	
	Amosa apertura e respecto cara ás propostas do profesor/a e dos compañeiros/as.
	Participa en todos os aspectos da produción musical demostrando o uso adecuado dos materiais relacionados, os métodos e as tecnoloxías.
	Recoñece a influencia da música nas persoas e na sociedade.
	Aprecia e respecta outros estilos musicais diferentes dos propios.
	Analiza crítica e positivamente producións musicais propias e alleas.
SENTIDO DE INICIATIVA E ESPIRITO EMPRENDEDOR	
	Practica, crea, interpreta e memoriza pezas vocais, instrumentais e danzas de diferentes xéneros, estilo, épocas históricas e cultura, aprendidas por imitación a e a través da lectura de partituras con diversas formas de notación adecuadas ao nivel.

- f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
- i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.
- l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.
- m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.
- n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.
- ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade

lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersonal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

OBXECTIVOS MÍNIMOS DEPARTAMENTO DE MÚSICA. (Adaptación aos contidos que se traballan na materia e os obxectivos xerais do currículo expostos no punto anterior.)

31. Participar con espírito de cooperación, responsabilidade moral, solidariedade e tolerancia, favorecendo o respecto entre compañeiros e cara o profesor, tanto en actividades teóricas como prácticas instrumentais.

Participar en actividades musicais dentro e fóra da escola con actitude aberta, interesada e respectuosa, tomando conciencia, como membro dun grupo, do enriquecemento que se produce coa propia participación e coas aportacións dos demais á hora de conseguir unha execución adecuada. O alumnado que se nega a participar deberá presentar un claro informe médico que xustifique ese estado.

Criterios de avaliación:

- Asumir as actitudes necesarias para a produción da música en grupo, respectando en todo momento as propostas e aportacións dos demais, valorando o que delas se pode extraer para engadir ás propias, e preocupándose pola expresividade do resultado final.
- Colaborar, na medida das súas posibilidades, na organización, planificación e execución das diferentes actividades musicais que se programen no centro e fóra del, asumindo o papel que lle corresponda.
- Comprender e aceptar as diferentes normas que rexen o comportamento do público en cada situación concreta.

32. Valorar e utilizar o silencio como elemento fundamental, condición previa e indispensable para levar a cabo un traballo evolutivo e coordinado na aula. Silencio antes, durante e despois da actividade didáctica. O silencio como símbolo de respecto á materia, o profesor e o resto de compañeiros.

Tomar consciencia da importancia do silencio como condición previa e indispensable para a existencia da música e como elemento de harmonía na relación cun mesmo e cos demais, tomando conciencia da agresión que supón o uso indiscriminado do son.

Criterio de avaliación:

- Aceptar as diferentes normas básicas de interpretación e audición en grupo, respectando o necesario marco de silencio e atención para ámbalas dúas actividades, e para outras cotiás, tanto dentro como fora da aula.

33. Respetar e valorar as instalacións e material didáctico da aula e o que se achegue fora do material inventariado. Traer o material correspondente que se lle pide con anterioridade. Os gastos dos danos causados correrán a cargo dos alumnos causantes dos feitos e de non coñecerse o culpable, a cargo dos grupos e incluso do nivel correspondente ou etapa. No caso de desaparición do material obrarase do mesmo xeito.

Criterio de avaliación:

- Utilizar correcta e adecuadamente os instrumentos e outros materiais didácticos seguindo as indicacións do profesor en cada caso.
- Mostrar interese en coñecer o funcionamento do material da aula ou de fora dela para darlle maior aproveitamento e mellorar o seu rendemento de traballo.

34. Desenvolver hábitos de mellora e superación persoal, durante todo o curso escolar. O alumnado deberá mellorar a súa evolución dunha ficha ou unidade a outra, dunha clase práctica instrumental/ vocal a outra, demostrando a súa capacidade de superación e o seu interese.

Criterio de avaliación:

- Comprender e rectifica os erros que ten nas diferentes actividades.
- Buscar medios e recursos dentro e fora da aula para mellorar a súa capacidade favorecendo os resultados no traballo individual e grupal.

35. Respectar e traballar na investigación de audición de obras musicais de diferentes épocas, estilos e lugares, como forma de comunicación e como fonte de enriquecemento cultural, interesándose por ampliar e diversificar as súas preferencias musicais, atendendo a definir a obra, o seu período histórico, as súas características, xénero, autor e forma musical.

Criterios de avaliación:

- Seguir partituras ou fragmentos musicais en diferentes sistemas de notación musical mentres se escoita a obra correspondente, percibindo as relacións coas características musicais do estilo ou xénero utilizado.
- Recoñecer os diferentes elementos da música e utilizar correctamente a terminoloxía, relacionando as obras co seu contexto histórico e social, emitindo opinións razoadas sobre os aspectos máis relevantes das obras ou fragmentos escoitados e a súa relación cos propios gustos.
- Realizar correctamente as actividades que se propoñan como apoio á audición musical, empregando a linguaxe musical, a práctica instrumental e vocal, e o movemento.
- Utilizar correctamente a terminoloxía propia dos diferentes elementos da música escoitada (tempo, carácter, dinámica...), e os termos relacionados co seu contexto histórico.
- Valorar a importancia do silencio como actitude básica do oínte fronte a determinadas manifestacións musicais.

36. Utilizar de forma autónoma e creativa diversas fontes de información (partituras, medios audiovisuais e outros recursos gráficos) para o coñecemento e goce da música, e aplicar a terminoloxía apropiada para comunicar las ideas propias e explicar os procesos musicais.

Criterios de avaliación:

- Criterios de avaliación:

Ler e interpretar con corrección, coa voz ou os instrumentos, fórmulas e fragmentos de música escrita como apoio á práctica musical e á audición, utilizando os elementos coñecidos da linguaxe musical e comprendendo a relación da grafía coa música.

- Empregar con propiedade os termos relacionados co feito musical na presentación de traballos escritos o exposicións orais.

- Utilizar e crear novas formas de notación musical propias que lle axuden ó seguimento da materia.

- Coñecer e valorar a evolución e situación actual dos principais medios audiovisuais e as técnicas de gravación do son, utilizándoos con autonomía.

37. Interpretar obras musicais ou fragmentos de estas como exemplos da creación artística e do patrimonio cultural.

Criterios de avaliación:

- Desenvolver os recursos e habilidades técnicas necesarias para interpretar obras e fragmentos de diferentes períodos.
- Mostrar interese e esforzo por evolucionar individualmente para mellorar as interpretacións grupais.

38. Expresar de maneira autónoma as ideas e sentimentos mediante o uso da voz falada ou cantada, de instrumentos e do movemento, ben a través de traballos escritos ou exposicións orais, co fin de enriquecer as súas posibilidades de comunicación, respectando outras formas de expresión.

Criterio de avaliación:

- Examinar e explicar con criterio musical ben oralmente ou por escrito a relación entre os acontecementos históricos e o feito musical empregando un vocabulario axeitado para describir percepcións e coñecementos musicais.
- Poñer en práctica as cuestións técnicas traballadas na aula para mellorar a expresión musical individual e colectiva.

39. Mostrar motivación e iniciativa na planificación para a posta en escena de creacións audiovisuais, utilizando o movemento e a expresión corporal e apreciar a actividade como unha forma que contribúe a mellora da relación persoal co resto do grupo e beneficia o equilibrio e resultado xeral da obra creada.

Criterio de avaliación:

- Mostrar unha actitude aberta e activa interesándose por desenvolver as capacidades e as habilidades técnicas para acadar a expresión axeitada en cada interpretación e a posta en escena determinada para cada caso.

40. Ser puntual na realización de traballos individuais na aula, na presentación de traballos no prazo previsto e na atención para non retardar o comezo das actividades propostas.

Criterio de avaliación:

- Mostrar interese finalizando en los tempos determinados as actividades de aula, non retardando a evolución da sesión e prexudicando o resto do grupo.
- Atender á entrega inmediata de traballos o tarefas de aula que se levan con retraso por causas alleas a súa vontade, consultando as dúbidas e solicitando a profesor e compañeiros o material de ser necesario para poñerse o día.

4. Contexto.

Determinado na Programación Xeral Anual do Centro.

4.1 Referencia as propostas de mellora con referencia ao curso anterior.

Utilización na aula de dous novos recursos didácticos:

a. Ficha baremo para a elaboración de traballos de investigación e exposición oral na aula acerca de temas culturais de actualidade.

b. Resolución de probas de acceso a diferentes estudos vinculados a música e a linguaxe musical.

5. CONTIDOS 1º BACHARELATO. Secuencia trimestral.

5.1 Contidos Linguaxe e Práctica Musical . Bloques.

Os contidos que se traballa no 1º de Bacharelato na materia de Linguaxe e Práctica Musical, están vinculados entre si, de tal maneira que serán traballados de forma simultánea en tódolos trimestres, aumentando o nivel e complexidade en cada exercicio realizado.

Bloque 1. Destrezas musicais.

Contido	Criterio de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias Clave
B1.1. Utilización da voz, individual ou colectivamente, partindo do	B1.1. Entoar cunha correcta emisión da voz, individual ou conxuntamente, unha melodía ou unha canción con	LPMB1.1. 1. Coñece os órganos e as funcións do aparello fonador.	CMCCT CAA CSC

coñecemento do aparello fonador, o seu funcionamento, a respiración, a emisión, a articulación, a relaxación e a afinación.	acompañamento.		
B1.2. Interpretación vocal atendendo ás indicacións relativas á expresión, á dinámica, á agónica, á articulación dos sons e os seus ataques, e á ornamentación musical.	B1.1. Entoar cunha correcta emisión da voz, individual ou conxuntamente, unha melodía ou unha canción con acompañamento	LPMB1.1.2. Realiza exercicios de respiración, relaxación, articulación, fraseo, etc., e valóraos como elementos imprescindibles para a adquisición da técnica vocal. LPMB1.1.3. Aplica a técnica vocal para cantar entoada e afinadamente, aplicando as indicacións expresivas e dinámicas presentes na partitura	CSC CCEC
B1.3. Entoación individual e colectiva de escalas, intervalos melódicos, harmónicos, arpejos ou acordes.	B1.2. Identificar e reproducir intervalos, modelos melódicos sinxelos, escalas ou acordes arpexiados a partir de diferentes alturas.	LPMB1.2.1. Reproduce e identifica intervalos, escalas ou acordes a partir de diferentes alturas, utilizando unha correcta emisión da voz.	CAA CSC CMCCT
B1.4. Interiorización do pulso. <input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/> B1.5. Interpretación instrumental atendendo ás indicacións relativas á expresión, á dinámica, á agónica, á ornamentación musical, e á articulación dos sons e dos seus ataques. <input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/> B1.6. Práctica da lectura articulada e da escritura tanto melódica como harmónica nas claves de sol e fa en cuarta, e da escritura tanto melódica como harmónica. <input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/> B1.7. Práctica de lectura de notas, sen clave, aténdose ao debuxo interválico. <input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/> B1.8. Práctica da lectura de obras musicais utilizando partituras.	B1.3. Identificar e executar instrumentalmente ou vocalmente estruturas e patróns rítmicos ou melódicos simultáneos dunha obra breve ou dun fragmento, con ou sen cambio de compás, nun tempo establecido	LPMB1.3.1. Interpreta instrumentalmente ou vocalmente, con total precisión dentro dun tempo establecido, estruturas rítmicas adecuadas a este nivel dunha obra ou un fragmento, sentindo internamente o pulso e aplicando, se procede, as equivalencias nos cambios de compás. <input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/> LPMB1.3.2. Executa con independencia estruturas rítmicas simultáneas, utilizando e desenvolvendo a disociación auditiva e motriz. <input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/> LPMB1.3.3. Practica a lectura e a escritura musical, recoñecendo a súa importancia para afondar na aprendizaxe da linguaxe musical.	CMCCT CCEC CAA CMCCT CCEC

Bloque 2. Audición comprensiva

B2.1. Percepción e identificación do pulso, dos acentos e dos compases binarios, ternarios e cuaternarios. <input type="checkbox"/> <input type="checkbox"/> B2.2. Percepción, identificación e transcripción de fórmulas rítmicas	B2.1. Recoñecer autodivamente o pulso dunha obra ou dun fragmento, así como o acento periódico, e interiorizalo para manter durante breves períodos de silencio.	LPMB2.1.1. Percibe o pulso como referencia básica para a execución rítmica, así como a identificación do acento periódico base do compás, e logra unha correcta interiorización do	CMCCT. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía CSC CMCCT
---	--	--	--

<p>básicas orixinadas polo pulso binario ou ternario. <input type="checkbox"/><input type="checkbox"/>B2.3. Percepción, identificación e transcripción de signos que modifican a duración, síncopecs, anacruses, notas a contratempo, cambios de compás, grupos de valoración especial, equivalencias pulso-pulso e fracción-fracción, etc.</p>		<p>pulso que lle permite posteriormente unha axeitada execución individual ou colectiva.</p>	<p><input type="checkbox"/><input type="checkbox"/>CCEC</p>
<p><input type="checkbox"/><input type="checkbox"/>B2.4. Identificación auditiva das características morfolóxicas básicas das obras musicais, tanto as que teñen como fundamento a linguaxe da música culta como as que teñen como fundamento as linguaxes musicais contemporáneas, o jazz, a música tradicional, o rock, o flamenco e as músicas do mundo. <input type="checkbox"/><input type="checkbox"/>B2.5. Percepción, identificación auditiva e transcripción das escalas, funcións tonais-acordes maiores e menores, acordes de sétima dominante e de sétima diminuída, cadencias e os modos e intervalos fóra do concepto tonal. <input type="checkbox"/><input type="checkbox"/>B2.6. Recoñecemento comprensivo das texturas musicais e dos timbres instrumentais nas obras escoitadas ou interpretadas</p>	<p>B2.2. Recoñecer auditivamente e describir con posterioridade as características das obras escoitadas ou interpretadas</p>	<p>LPMB2.2.1. Percibe aspectos rítmicos, melódicos, tonais, modais, cadenciais, formais, tímbricos etc., das obras escoitadas ou interpretadas. <input type="checkbox"/><input type="checkbox"/>LPMB2.2.2. Utiliza a lectura e a escritura musical como apoio á audición. <input type="checkbox"/><input type="checkbox"/>CCEC <input type="checkbox"/><input type="checkbox"/>LPMB2.2.3. Escoita obras musicais seguindo a partitura. <input type="checkbox"/><input type="checkbox"/>CCEC <input type="checkbox"/><input type="checkbox"/>LPMB2.2.4. Escoita e recoñece os elementos básicos das linguaxes propias da música culta, jazz, rock e flamenco, así como os máis importantes da linguaxe musical contemporánea.</p>	<p>CMCCT CCEC</p>
<p>B2.7. Recoñecemento auditivo e transcripción dos esquemas rítmicos, das melodías, dos intervalos e dos fragmentos melódicos resultantes da combinación dos devanditos elementos. B2.8. Reprodución vocal memorizada dos esquemas rítmicos, das melodías, dos intervalos e dos fragmentos melódicos resultantes da combinación dos devanditos elementos. B2.9. Identificación de erros</p>	<p>B2.2. Recoñecer auditivamente e describir con posterioridade as características das obras escoitadas ou interpretadas</p>	<p>LPMB2.2.1. Percibe aspectos rítmicos, melódicos, tonais, modais, cadenciais, formais, tímbricos etc., das obras escoitadas ou interpretadas. LPMB2.2.2. Utiliza a lectura e a escritura musical como apoio á audición. LPMB2.2.3. Escoita obras musicais seguindo a partitura. LPMB2.2.4. Escoita e recoñece os</p>	<p>CMCCT CCEC</p>

ou as diferenzas entre un fragmento escrito e un fragmento escoitado. B2.10. Transcrición de esquemas harmónicos das obras escoitadas		elementos básicos das linguaxes propias da música culta, jazz, rock e flamenco, así como os máis importantes da linguaxe musical contemporánea	
--	--	--	--

Bloque 3. A teoría musical

Contidos	Criterios de Avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias
<p>B3.1. Coñecemento das grafías das fórmulas rítmicas, simultaneidade de ritmos, signos que modifican a duración, síncope, anacruse, notas a contratempo, os grupos de valoración especial contidos en un e varios pulsos, etc.</p> <p>B3.2. Coñecemento das grafías e dos termos relativos á expresión musical, á dinámica, ao tempo, á agónica, á articulación musical e ao ataque dos sons.</p> <p><input type="checkbox"/> B3.3. Aproximación ás grafías contemporáneas.</p>	<p>B3.1. Coñecer e aplicar na lectura e na interpretación de partituras os termos e os signos relacionados co ritmo e coa expresión musical</p>	<p>LPMB.3.1.1. Identifica e interpreta os termos e signos relacionados co ritmo e coa expresión musical.</p> <p>LPMB.3.1.2. Identifica e interpreta os signos gráficos propios da linguaxe musical contemporánea.</p>	<p>CMCCT</p> <p>CCEC</p> <p>CCL</p> <p>CMCCT</p>
<p><input type="checkbox"/> B3.4. Coñecemento das normas de escritura melódica.</p> <p><input type="checkbox"/> B3.5. Coñecemento e comprensión dos ritmos característicos das danzas e das obras musicais.</p> <p><input type="checkbox"/> B3.6. Coñecemento e comprensión de escalas, funcións tonais, intervalos, cadencias, acordes básicos e complementarios, tonalidade, modalidade e modulación.</p> <p>B3.7. Coñecemento dos principais sistemas de cifraxa harmónica.</p> <p><input type="checkbox"/> B3.8. Coñecemento da ornamentación musical.</p> <p><input type="checkbox"/> B3.9. Comprensión do efecto que producen na música os sons da</p>	<p>B3.2. Recoñecer nunha partitura os elementos básicos da linguaxe musical.</p>	<p>LPMB.3.2.1. Identifica os elementos básicos da linguaxe musical, utilizando diferentes soportes.</p> <p>LPM3.2.2. Recoñece elementos básicos harmónicos e formais.</p> <p>LPM3.2.3. Aplica correctamente a terminoloxía propia da teoría musical.</p>	<p>CCA</p> <p>CCEC</p> <p>CMCCT</p> <p>CCL</p>

ornamentación e intensificación expresiva. □B3.10. Ámbito sonoro das claves e a súa relación entre si.			
---	--	--	--

Bloque 4. A creación e a interpretación.

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
B4.1. Realización vocal ou instrumental de fórmulas rítmicas orixinadas polo pulso binario ou ternario e as súas variantes.	B4.1. Realizar exercicios psicomotores e improvisar estruturas rítmicas sobre un fragmento escoitado de maneira tanto individual como conxunta.	LPMB.4.1.1. Practica variantes de fórmulas rítmicas coñecidas e improvisaas libremente, acordándoas co pulso e o compás do fragmento escoitado.	CMCCT
B4.2. Improvisación, tanto individual como colectiva, de breves melodías. B4.3. Utilización das escalas e acordes máis habituais no sistema modal e tonal.	B4.2. Improvisar, individualmente ou colectivamente, breves melodías tonais ou modais, pequenas formas musicais partindo de premisas relativas a diferentes aspectos da linguaxe musical.	LPMB.4.2.1. Asimila os conceptos tonais e modais básicos, desenvolvendo a creatividade e a capacidade de seleccionar e usar libremente os elementos da linguaxe musical de acordo cunha idea e estruturados nunha forma musical.	CCEC CSIEE
B4.4. Interpretación memorizada de obras ou fragmentos musicais vocais adecuados ao nivel, con ou sen acompañamento	B4.3. Interpretar de memoria, individualmente ou conxuntamente, fragmentos de obras do repertorio seleccionados entre os propostos polo alumnado, valorando as achegas do grupo e desenvolvendo o espírito crítico.	LPMB.4.3.1. Coñece o repertorio traballado e ten capacidade de memorización, sensibilidade musical e capacidade expresiva. LPMB.4.3.2. Mantén unha actitude positiva ante a música e os compañeiros. LPMB.4.3.3. Utiliza os instrumentos da aula cunha técnica correcta. LPMB.4.3.4. Aplica a técnica vocal para cantar entoadamente e afinadamente nas actividades de interpretación. LPMB.4.3.5. Mantén unha actitude positiva para integrarse como un membro máis no grupo.	CCEC CSC CCEC CAA CSC CSIEE. Sentido da iniciativa e espírito emprendedor.

<p>B4.5. Achegamento aos procesos compositivos máis habituais.</p> <p><input type="checkbox"/> B4.6. Utilización da expresión corporal e o movemento corporal como complemento ao feito musical.</p> <p><input type="checkbox"/> B4.7. Desenvolvemento da lateralidade a través da realización simultánea de diferentes ritmos básicos</p>	<p>B4.4. Improvisar ou compor e interpretar unha breve obra musical para unha melodía dada, que necesite a participación de varios executantes e incorporar movemento coreográfico, utilizando os coñecementos musicais adquiridos</p>	<p>LPMB.4.4.1. Crea unha pequena obra musical utilizando os coñecementos musicais adquiridos.</p> <p>CCEC CAA</p> <p>LPMB.4.4.2. Constrúe a través do movemento unha creación coreográfica adecuando a súa concepción ao carácter expresivo da obra</p>	<p>CCEC</p> <p>CAA</p> <p>CMCCT</p> <p>CSIEE</p>

5. Bloque 5. As tecnoloxías aplicadas ao son..

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<p>B5.1. Fenómeno físicoarmónico; movemento ondulatorio; serie de Fourier.</p> <p>B5.2. Características acústicas dos instrumentos: instrumentos transpositores e electrónicos; manipulación artificial do son.</p> <p>B5.3. Fundamentos dos sistemas de afinación. Proporcións asociadas aos intervalos: consonancia e disonancia. Serie harmónica. Índices acústicos. Diapasón.</p> <p>B5.4. Transmisión e amortecemento do son.</p> <p>B5.5. Sinal analóxico e sinal dixital. Dixitalización do son analóxico.</p> <p>B5.6. Síntese do son: mostraxe (samplers), filtros de frecuencias e multipistas.</p> <p>B5.7. Hardware musical: computadores, tarxetas de son e conexións.</p> <p>B5.8. Tipos de software musical: editores de partituras, secuenciadores, programas xeradores de acompañamentos e mesas de mesturas.</p>	<p>B5.1. Realizar traballos e exercicios aplicando as ferramentas que ofrecen as novas tecnoloxías</p>	<p>LPMB.5.1.1. Utiliza correctamente editores de partituras, secuenciadores, MIDI e software para aplicacións audiovisuais.</p>	<p>CD</p> <p>CMCCT</p>
<p>B5.9. Práctica dos sistemas de gravación analóxica ou dixital, de procesamento de sons de comunicación MIDI en interpretacións ou creacións propias.</p> <p>B5.10. Uso da música con</p>	<p>B5.2. Crear pezas sonoras ou audiovisuais utilizando distintos sistemas de reprodución e gravación de son.</p>	<p>LPMB.5.2.2. Utiliza de forma autónoma os recursos tecnolóxicos como ferramentas para a audición, a interpretación, a creación, a edición, a gravación, a investigación e a</p>	<p>CAA</p> <p>CD</p> <p>CMCCT</p>

soporte electrónico en producións escénicas ou audiovisuais. B5.11. Realización de sonorizacións a través da improvisación, a composición ou a selección musical de textos ou de imaxes.		aprendizaxe do feito musical.	
---	--	-------------------------------	--

6.CONTIDOS 1º Bacharelato. UNIDADES DIDÁCTICAS SECUENCIACIÓN. 4º E.S.O

1ª Aval Contidos.		Temporalización	Probas avaliación
Unidade1 " Destreza s musicais. "	Interpretación de pezas vocais e instrumentais aprendidas de oído e/ ou mediante a lectura de partituras con diversos tipos de notación	10´ minutos de 8 sesións alternas. Proxecto "Na outra beira"	Seguimento na aula da evolución individual e grupal do alumno nas súas intervencións nas clases prácticas.
	Interpretación instrumental e vocal atendendo ás indicacións relativas á expresión, á dinámica, á agónica, á ornamentación musical, e á articulación dos sons e dos seus ataques.	Unha clase práctica de 50´ mínima semanal. Proxecto "Na outra beira"	Valoración da actitude individual de traballo, iniciativa e organización do alumno a través da observación directa.
	Práctica da lectura de notas e seguimentos de partituras de diferentes xéneros e períodos.	30´ cada dúas sesións	Realizarase o seguimento nas probas de lectura musica. Máximo 4 trimestrais, mínima unha peza.
Unidade2 "A audición comprensiva"	Audición, recoñecemento, análise e comparación de música de diferentes, xéneros, estilos e culturas.	10´ de cada 8 sesións alternas audición para a sensibilización . 20´ minutos de dos sesiones trimestrales para análise por escrito de dúas	Seguimento do pulso, definición de diferentes ritmos en función do uso social e contexto.

			audiciones.	
--	--	--	-------------	--

	Utilización de diversas fontes de información para obter referencias sobre música de diferentes épocas e culturas, incluídas as actuais, e sobre a oferta de concertos e outras manifestacións musicais, tanto en vivo como divulgadas a través dos medios de comunicación.		10´ Actitude escoita práctica en todas as sesións trimestrais, ou como mínimo 10´ en sesións alternas.	Probas de análise de audición e traballos de investigación e exposición oral. Máximo 4 por trimestre.
	Identificación auditiva das características morfolóxicas básicas das obras musicais, tanto as que teñen como fundamento a linguaxe da música culta como as que teñen como fundamento as linguaxes musicais contemporáneas e as música do mundo.		30´ cada dúas sesións	Probas de análise auditiva e descrición das obras escoitadas ou interpretadas.
Unidade 3 “A teoría musical”	Coñecemento das grafías das fórmulas rítmicas, simultaneidade de ritmos, signos que modifican a duración, síncope, anacruse, nota, notas a contratempo, os grupos de valoración musical		Sesións alternas coa sesión práctica. Mínimo 20´ cada 15 días.	Ficha de análise de partituras visualmente para identificar termos e signos relacionados coa linguaxe musical.
	Coñecemento das normas de escritura melódica, comprensión de escalas, tonalidade e modalidade. A cifraxa harmónica. Os ornamentos. Ámbito sonora das claves e a súa relación entre si.		Traballo a través dos proxectos de aula e os análises de audicións.	Seguimento en grupo e individualmente a modo de preguntas rápidas en aula para recoñecer elementos melódicos e harmónicos presentes en diferentes obras.
Contidos			Temporalización	Probas avaliación

Unidade 4 " A creación e a interpretación" "Proxecto na outra beira" "Proxecto música e deporte"	Práctica e aplicación de habilidades técnicas en grao crecente de complexidade e concertación coas outras partes do conxunto na interpretación vocal e instrumental, e no movemente e a danza		Todas as clases prácticas do trimestre. " Proxecto na outra beira" "Proxecto música e deporte"	Seguimento en caderno da evolución técnica do alumno, no uso da voz, instrumentos e movemente corporal.
	Utilización de técnicas, recurso e procedementos compositivos na improvisación, na elaboración de arranxos e na creación de pezas musicais.		Traballo en clases prácticas.	Seguimento diario das aportacións do alumnado, a través da observación directa, traballo en equipo e iniciativa.
	Traballo de representación escénicas con música, expresión corporal ou danza, voz falada ou cantada para a realización de producións audiovisuais cun mensaxe social determinado previamente.		Traballo diario de aula. Actitude práctica en todas as sesión para levar a cabo o proxecto do trimestre.	Observación sistemática traballo determinado semanalmente para acadar a realización do proxecto que o grupo elixa.. Diario de clase para o seguimento do alumnado.
Unidade 5 " As tecnoloxías aplicadas ao son"	Fenómeno físico harmónico; movemente ondulatorio; serio Fourier.		20´	Proba escrita de comprensión
	Características acústicas dos instrumentos; instrumentos transpositores e electrónicos; manipulación artificial do son.		2 sesións mínimo, máximo 4.	Ficha de recoñecemento visual e datos básicos de cada un.
	Tipos de software musical; editores de partituras, secuenciadores, programas xeradores de acompañamentos e mesas de mestura.		1 sesión informativa	-
	Uso da música con soporte electrónico en producións escénicas ou audiovisuais.		2 trimestres	Proxecto audiovisual " Na outra beira"

	Realización de sonorizacións a través da improvisación, a composición ou a selección musical de textos ou de imaxes		Primeiro trimestre e segundo	Proxecto " A figura dos avós"
	B4.1 Utilización de dispositivos electrónicos, recursos de internet e software musical de distintas características para o adestramento auditivo, a escoita, a interpretación e a creación musical.		Xa temporalizado noutras unidades.	Observación sistemática. Diario de clase.
	B4.3 Utilización das tecnoloxías da información nos procesos de creación musical.		Procedemento habitual en varias das actividades realizadas no trimestre	Creación dunha peza con software musical.
	B4.4 Coñecemento e emprego das tecnoloxías da información na interpretación e na gravación de pezas musicais.		10´sesións alternas	Practicas gravación aula.
Contidos			Temporalización	Probas avaliación
	B4.3 Utilización das tecnoloxías da información nos procesos de creación musical.		Procedemento habitual en varias das actividades realizadas no trimestre	Creación dunha peza con software musical.
	B4.4 Coñecemento e emprego das tecnoloxías da información na interpretación e na gravación de pezas musicais.		10´sesións alternas	Practicas gravación aula.

7. UNIDADES DIDÁCTICAS XERAIS.

Contidos, Criterios de Avaliación, Competencias Clave e estándares.

Grado mínimo de consecución.

Peso na cualificación.

Instrumentos de Avaliación.

Temas transversais.

Cos obxectivos e os criterios de avaliación redactados no apartado anterior deixamos claro os logros que o alumnado de 1º de Bacharelato debe alcanzar o rematar o curso. Cos seus criterios de avaliación correspondentes podemos ir comprobando nas unidades didácticas que se traballan ao longo do curso que deben lograr os alumnos.

Nos modelos xerais de UNIDADES DIDÁCTICAS, sinalaremos os estándares de aprendizaxe avaliábeis que nos axuden a definir os resultados acadados na aprendizaxe máis claramente. Estes serán os que apliquemos para a avaliación dos proxectos de aula.

Na materia de Linguaxe e Práctica Musical os bloques de música non poden ser traballados de forma illada xa que a posta en práctica dos contidos dun bloque está directamente relacionada cos contidos que se especifican no DCB noutros dos bloques, e dicir que o bloque de Destrezas musicais traballase paralelo cos bloques de Audición comprensiva e Creación e Improvisación. Do mesmo xeito o bloque A teoría musical é necesario para acadar positivamente os estándares dos bloques anteriores. O quinto bloque as tecnoloxías aplicadas ao son será necesario para o dominio dos recursos técnicos ao noso alcance para plasmar, gravar e corrixir erros nas sesións de traballo dos outros bloques. Ademais disto a LOMCE expón a necesidade de elaborar propostas didácticas abertas e flexibles que atendan a diversidade de cada grupo e de cada alumno. Métodos de aula que favorezan a capacidade dos alumnos de aprender por si mesmos e promovan o aprendizaxe en equipo, a participación de todos tanto individual como grupal e a flexibilidade tamén para traballar dende a nosa materia cun enfoque multidisciplinar. Por todo isto o departamento de música fará unha temporalización trimestral de contidos que se irán levando a cabo a través do seguimento dunha UNIDADE DIDÁCTICA XERAL que facilite o seguimento dos estándares acadados e as competencias claves desenvoltas.

7. UNIDADES DIDÁCTICAS XERAIS 1º Bacharelato.

Expoñemos de seguido os modelos de UNIDADES DIDÁCTICAS cos que traballaremos o longo do curso para levar a cabo o control na materia OBXECTIVOS DE APRENDIZAXE, CONTIDOS QUE SE TRABALLAN, COMPETENCIAS BÁSICAS, DESEMPEÑOS OU INDICADORES DE LOGRO DE COMPETENCIAS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN VINCULADOS A ESE CONTIDO, INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN, TAREA QUE SE DESENVOLVE, ADECUACIÓN Á DIVERSIDADE, RECURSOS E MATERIAIS, VALORACIÓN DA UNIDADE.

Nas UNIDADES DIDÁCTICAS XERAIS o profesor marcará na esquerda cunha X os apartados que cree oportuno traballar en cada clase en función das necesidades do alumnado e das competencias que queremos acadar.

UNIDADE DIDÁCTICA XERAL I

Temas/ tarefas:

nº de sesións:

Tempo dedicado a estes traballos en cada sesión:

OBXECTIVOS BLOQUE 1 " Destrezas musicais" E BLOQUE IV "A creación e a interpretación" e BLOQUE V "As tecnoloxías aplicadas ao son" (En negrita obxectivos mínimos).

	Saber intepretar con corrección fragmentos de obras de diferentes períodos e estilos para desenvolver actitudes positivas que favorezan os traballos en grupos e individuais.
	Interpretar pequenos fragmentos ou cancións con diferentes instrumentos que teñen na súa aula; guitarra, percusión, instrumental Orff ou frauta dependendo da finalidade, ben por imitación ou lendo partituras.
	Crear diferentes medios para acadar a interpretación nos instrumentos, novas notacións, consignas musicais ou extramusicais para achegarse a lectura e a interpretación conxunta.
	Utilizar o movemento corporal e a danza como unha forma de interiorización do

	fenómeno musical e de sociabilidade grupal.
	Ser capaz de improvisar e manexarse co seu instrumento para solucionar problemas e imprevistos que poidan xurdir durante unha actividade ou gravación dun proxecto ou traballo de aula.
	Empregar a voz cantada, na interpretación individual e colectiva, emitindo afinadamente con corrección e controlando a respiración no fraseo, dun xeito autónomo e espontáneo.
	Respectar as normas para o bo funcionamento das clases prácticas instrumentais, vogais ou de danza.
	Crear e improvisar utilizando como fonte de inspiración un motivo extramusical, un titular de prensa, un poema ou outras ideas que se queren transmitir.
	Interpretar 4 dos acordes básicos maiores e menores nos instrumentos harmónicos presentes na aula.
	Participar en actividades musicais dentro e fora da escola con actitude aberta, interesada e respectuosa, tomando conciencia, como membro dun grupo, do enriquecemento que se produce coa propia participación e coas achegas dos demais á hora de conseguir unha execución adecuada.
	Desenvolver a técnica necesaria co traballo individual para procurar un resultado final do grupo satisfactorio.
	Asumir actitudes necesarias para a produción da música en grupo respectando en todo momento as aportacións dos demais.
	Colaborar na utilización e manexo correcto dos recursos tecnolóxicos da aula, para organizar, planificar e acadar a gravación de actividades audiovisuais dentro e fora da aula.
	Afondar no uso das novas tecnoloxías e a información nas redes sociais e internet de forma responsable, axudando na evolución do grupo para actualizar a información.
	Coñecer os diferentes medios de creación, produción e gravación musical, valorando as fontes musicais en función da súa procedencia.
	Crear movementos e coreografías organizadas no escenario para mellorar a presentación escénica dos traballos da aula
	Realizar pequenas creacións audiovisuais para transmitir ideas cos recursos que están a nosa disposición no centro ou fóra del.
	Mostrar creatividade e iniciativa nos diferentes traballos de produción e gravación sonora.

**UNIDADE DIDÁCTICA XERAL I. BLOQUE 1" Destrezas musicais" E BLOQUE IV "A creación e a interpretación" e BLOQUE V "As tecnoloxías aplicadas ao son"
CRITERIOS DE AVALIACIÓN.**

Tema:

Nº de sesións:

Tempo de traballo en cada sesión:

CRITERIOS DE AVALIACIÓN BLOQUE 1" Destrezas musicais" E BLOQUE IV "A creación e a interpretación" e BLOQUE V "As tecnoloxías aplicadas ao son"

	Distinguir e utilizar os elementos da representación gráfica da música segundo o nivel da unidade a traballar
	Analizar y comprender o concepto de textura e recoñecer, a través da audición e a lectura de partituras, os tipos de textura,
	Coñecer os principios básicos dos procedementos compositivos e as formas de organización musical.
	Aceptar as normas que rexen a interpretación en grupo e achegar ideas musicais que contribúan ao perfeccionamento da tarefa común.

	Amosar interese polas actividades de composición, e improvisación e amosar respecto polas creacións dos seus compañeiros e das súas compañeiras.
	Participar activamente e con iniciativa persoal nas actividades de interpretación, asumindo diferentes papeis, intentando concertar a súa acción co resto do conxunto.
	Explorar as posibilidades de diferentes técnicas e fontes sonoras instrumentais.
	Utilizar con autonomía e responsabilidade social os recursos tecnolóxicos dispoñibles, demostrando un coñecemento básico das técnicas e dos procedementos necesarios para gravar, reproducir, crear, interpretar música e realizar sinxelas producións audiovisuais.
	Utilizar de maneira funcional os recursos informáticos dispoñibles para a aprendizaxe e a indagación do feito musical.

UNIDADE DIDÁCTICA XERAL I CONTIDOS.

CONTIDOS.

BLOQUE 1 " BLOQUE 1" Destrezas musicais" E BLOQUE IV "A creación e a interpretación" e BLOQUE V "As tecnoloxías aplicadas ao son"

	Notación musical. Graffias musicais na música tradicional e actual. Anotamos lo que creamos. (alternativas a notación académica).
	Formas de compoñer: fontes, estruturas, texturas. La poesía y la música.
	Técnicas de percepción musical a través do movemento e a percusión corporal e instrumental Orff.
	O silencio como elemento da linguaxe musical e como ferramenta de traballo.
	Aceptación e cumprimento das normas que rexen a interpretación en grupo.
	Iniciativa e predisposición para mellorar as capacidades técnicas e intepretativas.
	Creación de pasaxes musicais inéditos de forma individual ou grupal para mellorar as pezas interpretadas na aula.

	Práctica, creación, memorización e interpretación de pezas musicais en grupo, aprendidas a través de métodos diferentes de notación, incluídas as propias, creadas na aula de música para mellorar os resultados de interpretación de pezas.
--	---

CONTIDOS. BLOQUE IV " As tecnoloxías aplicadas ao son".

	Utilización de dispositivos electrónicos dos que dispoñemos na aula de música para planificar a reprodución e gravación do son/ imaxe.
	Coñecemento e posta en práctica dos instrumentos e accesorios electrónicos instrumentais da aula.
	Uso dos recursos tecnolóxicos como fontes de información nos procesos de planificación e desenvolvementos de actividades.
	Participación no emprego e coñecemento dos recursos necesarios para conservar e difundir as creacións musicais da aula de música.
	Actitude crítica e respectuosa durante os procesos de creación gravación e difusión da nosa música e proxectos audiovisuais.
	Utilización dos diferentes recursos audiovisuais para a exposición de traballos na aula, de xeito que se enriquezan os contidos da exposición e se mostre a amplitude do traballo ou análise que se está a facer.

UNIDADE DIDÁCTICA XERAL I. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE. BLOQUE 1" Destrezas musicais" E BLOQUE IV "A creación e a interpretación" e BLOQUE V "As tecnoloxías aplicadas ao son"

COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA. Estándares de aprendizaxe	
	Realiza as intervencións orais ou escritas, utilizando unha terminoloxía axeitada, unha entoación clara e cunha mensaxe con sentido.
	Participa en intercambios comunicativos instrumentais e vocais onde expresa emocións, sentimentos e xuízos de valor sobres as obras musicais escoitada e interpretadas, propias ou alleas.

	Sintetiza as frase musicais expresando o seu sentido e estrutura.
	Mostra interese por ler nunha nova notación musical académica ou de nova creación.
	Lee e comprende as instrucións antes de cada intervención.
	Interpreta correctamente e utiliza a linguaxe musical.
COMPETENCIA MATEMÁTICA	
	Aplica proporcións e operacións matemáticas no estudo de pasaxes musicais, como as equivalencias rítmicas, escalas, intervalos, notacións homónimas e musicogramas.
	Recoñece o uso dos conceptos matemáticos na linguaxe musical a través da visualización de partituras e diferentes formas musicais ou recursos de aula.
	Utiliza o significado das cifras utilizadas na notación convencional.
	Coñece os avances históricos da ciencia e a súa repercusión na historia da música e a evolución da organoloxía.
	Realiza en contextos reais estimacións e medicións de forma axustada.
	Aplica estratexias de formulación, xeometría ou aplica métodos analíticos na resolución e organización do traballo ou problemas musicais.
COMPETENCIA DIXITAL	
	Utiliza diversas fontes de información para indagar sobre as novas tendencias, representantes, grupos de música popular e realiza unha revisión crítica de esas producións.
	Busca e manexa información significativa en soportes impresos, medios de comunicación audiovisuais e internet sobre contidos musicais de diferentes épocas.
	Transforma a información dixital en coñecementos prácticos.
	Utiliza os recursos materias para a gravación e reprodución do son e da imaxe na aula de música ou fora dela, na función e coa finalidade que se determina.
APRENDER A APRENDER CAA	
	Amosa interese polo coñecemento e a aplicación de técnicas e normas do coidado da voz, corpo e os instrumentos.
	Coñece e pon en práctica as técnicas de control de emocións á hora de mellorar os seus resultados na exposición ante un público.
	Realiza improvisacións e composicións partindo de pautas previamente

	establecidas.
	Participa activamente en agrupacións vocais e instrumentais, colaborando con actitudes de mellora e compromiso e amosando unha actitude aberta e respectuosa.
COMPETENCIAS SOCIAIS E CÍVICAS CSC	
	Amosa apertura e respecto cara ás propostas do profesor/a e dos compañeiros/as.
	Participa en todos os aspectos da produción musical demostrando o uso adecuado dos materiais relacionados, os métodos e as tecnoloxías.
	Recoñece a influencia da música nas persoas e na sociedade.
	Aprecia e respecta outros estilos musicais diferentes dos propios.
	Analiza crítica e positivamente producións musicais propias e alleas.
SENTIDO DE INICIATIVA E ESPIRITO EMPRENDEDOR	
	Practica, crea, interpreta e memoriza pezas vocais, instrumentais e danzas de diferentes xéneros, estilo, épocas históricas e cultura, aprendidas por imitación a e a través da lectura de partituras con diversas formas de notación adecuadas ao nivel.
	Practica as pautas básicas da interpretación: silencio, atención ao/ á director/a e a outros/as intérpretes, audición interior, memoria e adecuación ao conxunto, amosando espírito crítico ante a súa propia interpretación e a do seu grupo.

UNIDADE DIDÁCTICA XERAL I. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Estándares de aprendizaxe. BLOQUE 1" Destrezas musicais" E BLOQUE IV "A creación e a interpretación" e BLOQUE V "As tecnoloxías aplicadas ao son"

Tema:

Nº de sesións:

Tempo de traballo en cada sesión:

CRITERIOS DE AVALIACIÓN.

BLOQUE I " Destrezas musicais" E BLOQUE IV "A creación e a interpretación" e BLOQUE V "As tecnoloxías aplicadas ao son"

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE. BLOQUE I " Destrezas musicais" Bloque IV " A creación e a interpretación"	
	Distingue e utiliza os elementos da representación gráfica da música básicos axeitados a cada nivel.
	Analiza e comprende o concepto de textura e recoñecer, a través da audición e a lectura de partituras, os tipos de textura.
	Coñece os principios básicos dos procedementos compositivos e as formas de organización musical.
	Amosa interese polo desenvolvemento da capacidades e as habilidades técnicas como medio para as actividades de interpretación, aceptando e cumprindo as normas que rexen a interpretación en grupo.
	Amosa interese polas actividades de composición, e improvisación e amosa respecto polas creacións dos seus compañeiros e das súas compañeiras.
	Participa activamente e con iniciativa persoal nas actividades de interpretación, asumindo diferentes papeis, intentando concertar a súa acción coa do resto do conxunto, achegando ideas musicais e contribuíndo ao perfeccionamento da tarefa en común.
ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE. BLOQUE IV. "As tecnoloxías aplicadas ao son"	
A música como arte vivo e en constante evolución, pódese ler na rúa; carteis que anuncian concertos, que promoven concursos, notas de prensa, entrevistas, noticias novidasas. O alumnado ten que sentir que cando le esta máis vivo, máis cerca do seu entorno, a lectura ten que ser para eles un modo de subsistir, e de formarse en tódolos ámbitos. Dende a materia de música traballaremos o ámbito artístico.

f. Lograr co achegamento dende esta materia, que o alumno descubra o hábito de lectura, como unha boa forma de pasar o tempo de lecer e trasladar a familia dos alumnos e o seu entorno habitual, esta nova forma de vida: a lectura. A lectura ben a través de traballos impresos e libros, pero utilizando tamén os medios informáticos e audiovisuais como consulta e apoio á lectura.

Os alumnos atoparan na biblioteca do centro un novo lugar para aproveitar os tempo de lecer, ampliar información, ou preparar traballos e exposicións relacionados cos contidos da materia. Teñen ademais o seu alcance os soportes informáticos como complemento da lectura dos textos, o alumnado pode aprender a combinar os dous medios para mellorar os seus traballos e formación.

g. Fomento da lectura da linguaxe musical en tódolos niveis. Descubrir a linguaxe musical a súa terminoloxía e símbolos como un idioma complexo e internacional. Lectura musical comprensiva de partituras propias da programación en cada nivel educativo, partituras para

diferentes instrumentos e voces, partituras con diferentes finalidades; apoio de textos narrativos, literatura e cine. A linguaxe musical como sinal de identidade dos pobos e das culturas. O alumno de calquera nivel educativo, dende 2º da ESO o Bacharelato, realizará o seguimento de diferentes partituras, desenvolvendo de maneira progresiva a capacidade individual de escoitar interiormente unha obra só lendo a partitura sen escoitala previamente: sentir que pulso leva, que partes terán maior ou menor dificultado técnica, como a poden eles levar a cabo nun instrumento sen a axuda directa do profes

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

<p>Actividade 1</p>	<p>Reflexión e creación sobre o Proxecto Anual de Centro.</p> <p>"Música e Medioambiente"</p>
<p>Resumo ;</p> <p>Creación dunha peza teatral ou audiovisual, utilizando a música como medio de difusión dunha mensaxe elaboradas por eles.</p>	<p>Reflexión sobre situación actual do planeta.</p> <p>Fomentar o coñecemento, o debate e a reflexión crítica a través das artes escénicas. Í Ofrecer un tratamento da información ante unha situación actual de os conflito, grupos sociais en risco.</p> <p>Actividades de exploración e comprensión da contaminación sonora.</p>
<p>Profesorado responsable</p>	<p>Sandra Tenreiro</p>
<p>Trimestres/Días</p>	<p>De outubro a maio.</p>
<p>Cursos implicados</p>	<p>2º ESO/3º ESO (por determinar) max</p>

Lugar de realización	IES Poeta Díaz Castro. Entorna.
Interdisciplinar	Si

Actividade 2 Romeo e Julieta Auditorio de Galicia	A música escénica e os monicreques.
Resumo	
Profesorado responsable	Sandra Tenreiro
Trimestres/Días	2º Trimestre. Luns 13 as 11.00
Cursos implicados	Por determinar (posible 2º, 3º, 4º e bach música)
Lugar de realización	Auditorio de Galicia. Sala Angel Brage. Santiago de Compostela
Valoración económica	Bus
Dietas	--
Interdisciplinar	Literatura Universal, Lingua, Teatro

Actividade 3	
Involución	
Teatro Danza e circo	
Resumo	
Profesorado responsable	Sandra Tenreiro e Mónica Campo
Trimestres/Días	2º Trimestre
Cursos implicados	Todos
Lugar de realización	Teatro Principal. Santiago de Compostela. 10.00 horas
Valoración económica	Bus
Dietas	-
Interdisciplinar	Literatura, filosofía, educación física, teatro

Actividade 4	Taller de creación de espectáculos musicais
Resumo ;	O uso da musica nas montaxes escénicas. Os contos musicados e a representación escénica a través da luz e as sombras.
Profesorado responsable	Sandra Tenreiro
Trimestres/Días	Todo o curso
Cursos implicados	1º, 2º e 3º da ESO

Lugar de realización	IES. Poeta Díaz Castro e arredores. (posibles saídas puntuais por determinar).
Valoración económica	50€ Material funxible
Dietas	--
Interdisciplinar	-

Actividades xerais. Obxectivos

Actividades complementarias e extraescolares	Obxectivos
1. Realización de concertos didácticos de alumnos dentro e fora do centro.	<ul style="list-style-type: none"> - Participar en actividades musicais dentro e fóra da escola con actitude aberta, interesada e respectuosa tomando conciencia, como membro dun grupo, do enriquecemento que se produce coas aportacións dos demais. - Analizar a música identificando nela algunha das actitudes necesarias para a súa produción: o marco do silencio, atención ó director e ós compañeiros, escoita a un mesmo e ós demais, actuación no momento preciso. - Colaborar na medida das súas posibilidades, na organización, planificación e execución das diferentes actividades musicais que se programen no centro e fóra del asumindo o papel que lle corresponda.
2. Proxección Concerto didáctico de alumnos.	<ul style="list-style-type: none"> - Valorar o esforzo realizado e a capacidade de superación e mellora como grupo. - Motivar o alumnado a superación de novos retos a longo do curso.
3. Concerto de música tradicional galega e folclórica/ ou outros xéneros.	<ul style="list-style-type: none"> - Achegarse a música tradicional galega, relacionar e comprender a través dun concerto en directo, os xéneros, os instrumentos, agrupacións instrumentais, localización xeográfica e a visión de conxunto. - Mostrar interés pola audición de obras de música tradicional galega, valorándoas como patrimonio musical universal. - Valoración da obra musical como fonte de saber cultural e artístico.
4. Concertos didácticos da orquestra Filharmonía de Santiago e outras	<ul style="list-style-type: none"> - Comprender a importancia do traballo dunha agrupación sinfónica ou filharmonía e das, o seu funcionamento e o protocolo a

agrupacións músico-teatrais de actualidade.	<p>seguir na asistencia a un concerto.</p> <ul style="list-style-type: none"> - escoitar e visualizar activamente espectáculos onde se interpreten obras musicais representativas, apoiada pola realización de actividades globalizadoras baseadas na práctica vocal, instrumental ou de movemento, realizadas previa, simultánea ou posteriormente á audición tratada.
<p>5. Música e Tecnoloxía.</p> <p>Exposición gráfica " O sono da gravación sonora".</p> <p>O manexo de medios técnicos nas intervencións e montaxes audiovisuais.</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Comprender os diferentes procedementos de gravación e reprodución do son. - Vivir a experiencia do funcionamento de diferentes medios audiovisuais, dende o tocadiscos a un sintetizador.
<p>6. Celebración do días declarados de interese social, cultural e de desenvolvemento de valores sociais. (Día contra a violencia de xénero, Día da Paz, Día da Muller...).</p> <p>Commemoración día da Muller e día Contra a violencia de xénero. Concerto de alumnos ou asistencia a outros actos.</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Valorar os medios de comunicación e das novas tecnoloxías, para a produción, difusión, escoita e gozo da música. - Comprender a utilidade da música e dos diferentes estilos musicais da actualidade e tomar conciencia da súa forza como medio de expresión de ideas. - Acercar ó alumnado as situacións políticas e sociais do mundo a través da música do seu entorno. <p>Toma de conciencia da importancia social que ten combater as actitudes violentas e machistas a través do uso da música.</p>
<p>7. Conmemoración Letras Galegas.</p> <p>Concerto a cargo dos alumnos de música na praza da vila.</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Participar activamente e con iniciativa persoal nas actividades de interpretación, asumindo diferentes papeis, intentando concertar a súa acción coa do resto do conxunto, achegando ideas musicais e contribuíndo ao perfeccionamento da tarefa en común. - Relacionarse co seu entorno social e cultural, ademais coas familias e amigos dende o seu traballo de músicos interpretes con responsabilidade e actitude de colaboración.
<p>8. Taller de creación de contos musicais.</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Desenvolver a súa creatividade e autoestima para levar a cabo un proxecto común en grupo, superando as diferencias e empatizando cos membros do resto do grupo. - Finalizar un proxecto de creación musical para ser exposto con éxito noutro centro educativo.
<p>9. Participación no taller de gravación proposto pola biblioteca.</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Buscar a responsabilidade e desenvolvemento técnico axeitado para participar nunha gravación conxunta con carácter profesional
<p>10. Presentación dos proxectos musicais elaborados na aula de música noutros centros educativos ou sociedades veciñas da comarca.</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Facer propostas didácticas educativas para o fomento da lectura e dos valores sociais e culturais fora do seu centro educativo, para experimentar como presentar un proxecto artístico a unha empresa.
<p>11. Coñecer o traballo artístico, artesanal e persoal dun artista en primeira persoa.</p>	<p>Profundizar na investigación dunha personaxe cultural e a poder ser musical de</p>

	actualidade achegandonos ao seu traballo e a súa persoa.
12. Presentación do proxecto " El sueño de la grabación sonora".	Expoñer a investigación realizada polo alumnado de música sobre todos os grandes inventos que se fixeron na historia para gravar e reproducir son.

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN. PESO NA CUALIFICACIÓN.

Valoración Unidades Didácticas xerais.	Peso na cualificación.
Baremo para media trimestral	
Análise audición (sobre 10)	10%
Bloque Contextos musicais e culturais.	10%
Por tres traballos presentados voluntariamente no trimestre	
Actitude de traballo na Práctica Instrumental e interpretación vocal	20%
Traballo e iniciativa emprendedora	20%
Evolución e esforzo e mellora técnica en práctica instrumental e vocal	5%
EOR (0.5)	5%
Actitude constante de traballo diario xeral.	15%
Traballos de comprensión auditiva ou escrita realizados en aula.	10%

INSTRUMENTO 1. FICHA DE SEGUIMIENTO DO TRABAJO EN AULA

Fecha...	15-10-07	17/10/08					
Actividad Realizada	Práctica instrumental	Ficha Linguaxe musical					
Curso:	Canción Medieval Pax. 18						
Alumnos:							
1.	S+						
2.	S-						
3.	ME-						
4.	F.M						
5.	FA						
6.	B-						
7.	MB-						
Etc...							
ME -/+ 1,2 NM-/+ 3,4 S-/+ 5,6 B-/+7,8 MB-/+ 9,10 FO (falta de orden)		F (Falta) FM (Falta el material) W+(trabajo positivo) W-(trabajo negativo) A-/(atención negativa o positiva) O- (interrumpe continuamente)					

FICHA DE ANÁLISE DE AUDICIÓNS.

Nome:	
Curso:	
Data:	
Título:	0.25
Autor:	0.25
Época	0.5 xustificación.
Xénero:	Definición completa 1 punto
Forma Musical:	Definición y explicación: 2 puntos.
Características:	Mínimo 5 redactadas y explicadas de forma completa. Total 4 puntos. Hasta 6 puntos en función de los contidos explicados.

* Este baremo pode variar en función dalgunha audición específica que requira outro tipo de análise.

<i>Normas / Criterios Entrega de Traballos ESO e Bach</i>
<p>-Salvo que se indique o contrario usarase sempre follas de papel branco (A4).</p> <p>-As follas estarán numeradas</p> <p>-Irán unidas por grampas ou nunha carpetiña, nunca soltas.</p>
<p>- <u>Os presentados escritos a man:</u></p> <p>-Faranse con letra clara e lexible.</p> <p>-Con tinta negra ou azul. Nunca se empregará a cor vermella, que se reserva para as correccións do profesorado.</p> <p>-Limpeza (non borróns, manchas, tachaduras...)</p> <p>-No abusar do tipex. Anulación do escrito cunha raia enriba.</p> <p>-En ámbolos dous casos poden empregarse maiúsculas e subliñados para resaltar os títulos.</p>
<p>-Deixar espazos en branco á esquerda (maior), á dereita, arriba e abaixo.</p>
<p>-Escribir en parágrafos. Deixar un espazo en branco entre eles.</p>

-Sangrar parágrafos: deixar un espazo en branco duns 2 cm. ao principio de cada un.
-Coidar a ortografía e puntuación . -Recoméndase <u>facer una lectura detida</u> e en voz alta antes de entregar o traballo.
-Respetaranse as instrucións marcadas por cada profesor/a en canto ao contido . -A extensión do traballo debe corresponder á indicada polo profesor/a. -Podemos usar Internet e as fontes bibliográficas para recoller e analizar a información. -Trátase de responder ao que se pide no traballo, resumindo (usando as túas propias palabras), valorando ou dando unha opinión sobre o que se pregunta. Por tanto, non é válido un traballo que se limite a copiar de Internet ou doutras fontes (<i>Non vale "cortar e pegar"</i>).
-De maneira xeral incluírán portada, índice, introdución, apartados ou capítulos, conclusión ou valoración e bibliografía ou fontes empregadas.
-Incluíranse nela todos os datos: nome, apelidos, clase, título del traballo ou da actividade e nome do profesor/a ao que vai dirixido.
-Incluír unha Introdución e unha Conclusión ou valoración xeral. Na introdución describimos ou presentamos o traballo e na conclusión facemos un resumo onde se recollen as valoracións finais, por exemplo: <i>Neste traballo tentamos describir...</i>
Incluír bibliografía que se consultara para facer o traballo. Por exemplo: -DELIBES, Miguel. <u>La hoja roja</u> . Destino, 2007. -Enciclopedia Universal Salvat, Tomo 2, páxina 63.
Incluír as fontes que se consultaran para facer o traballo. Por exemplo: - <u>Wikipedia</u> : es.wikipedia.org/wiki. Artigo "Cervantes" -Páxina web de <u>El País</u> : <u>www.elpais.com</u> , 13/10/2009. -Fontes orais: Nome da persoa informante e data.
É imprescindible respectar a data de entrega dos traballos e facelo dentro do prazo sinalado. O contrario podería levar a que no se avaliasse.

ACCIÓN DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC

Objetivos xerais a ter en conta para o tratamento das TIC na área de música.

- Fomentar o uso dos medios informáticos como forma de romper con desigualdades sociais.

Todos os alumnos e alumnas, teñen pleno dereito de achegarse os medios informáticos que dos que o centro dispoña, para aprender, realizar traballos e recadar información. Dende a materia de música propóñense diferentes actividades como son: a busca de intérpretes, audicións, obras dun período determinado, páxinas para a realización de test de coñecementos musicais...

- Potenciar o emprego das TIC como ferramenta de traballo no proceso de ensinanza e aprendizaxe.

Na aula o profesor pon o ordenador a disposición dos alumnos, tanto para que tomen nota dun uso correcto, como das posibilidades que oferta cara a materia.

- Conseguir que o alumnado acceda o mundo de internet con capacidade de procura de información e de tratamento crítico da mesma.
- Impulsar a comunicación con outros centros e localidades, para coñecer e transmitir valores sociais e de respecto doutros costumes e outras formas de vida.
- Potenciar a participación dos alumnos en diferentes actividades do centro; (publicacións na páxina web, acceso o blog de consultas da biblioteca...)
- Empregar as Tic para o traballo cotián nas actividades de aula.

A cotío traballamos co ordenador para completar a información do libro de texto, ou visualizar vídeos musicais, baixar partituras para tocar na clase ou observar características ca, ou consulta de direccións ou páxinas interesantes para complementar o traballo de aula.

- Saber consultar e sacar información a través das TIC, tanto para temas profesionais como para experiencias interesantes na nosa actividade docente.
O profesor e un buscador de motivación para os alumnos a través de internet. Programas para compoñer ou baixar música, biografías interesantes de compositores e intérpretes, datos conceptuais de calquera tema que se traballe...
- Espertar no alumnado o interese por coñecer cousas diversas e lograr que utilicen as pautas adecuadas para chegar a información precisa.

Debemos establecer pautas ó alumnado cando se pon nun ordenador; pasos sinxelos que lle axuden a chegar a información que buscan de forma segura e intelixente. Guiar a busca de información con fichas textuais complementarias, nas que poidan consultar as páxinas de interés e así aproveitar as sesións diante do ordenador.

- Utilizar o ordenador como medio de creación, de integración, de cooperación e de expresión das propias ideas.

Na área de música existen interesantes programas de composición, para que os alumnos levan a cabo a súa faceta creativa musical e tecnolóxica. Poden expresar as súas ideas ou aportar novas iniciativas a través dos blogs e páxina web do centro.

- Utilizar programas que faciliten a súa aprendizaxe na materia. Programas de educación musical, programas de creación musical, de edición de partituras, de edición de audio.

Actividades que fomentan o tratamento das TIC na área de música.

- a. Edición de partituras con Finale Notepad.
- b. Achegamento o mundo da guitarra a través de clases en formato DVD con profesores profesionais.
- c. Investigación Musical. Realización de traballos de investigación musica de autores, compositores, intérpretes, grupos, música occidental, oriental,... por medio dos textos da biblioteca e complementando datos co traballo de busca de datos específicos en internet.

d. Achegamento directo a coñecementos musicais a través da rede. Páxinas de interés:

<http://www.abcmusicos.com>

<http://www.filomusica.com>

<http://www.aulaactual.com>

<http://www.sonymediasoftware.com>

<http://www.mundobso.com>

<http://www.filmtracks.com>

<http://www.partituras.com>

<http://www.planetadeletras.com>

<http://audacity.com.es>

PROGRAMACIÓN MÚSICA.

Información sobre as opcións de traballo na materia de música.

O departamento de música establece na súa programación dous procedementos posibles de metodoloxía e avaliación: a primeira opción ou **OPCIÓN A**, será levada a cabo naquelas clases ou grupos que estean dispostos a cumprir as normas básicas imprescindibles nesta materia. A **OPCIÓN B**, baseada nunha metodoloxía teórica, será levada a cabo nos grupos que non estean dispostos a cumprir as normas básicas para traballar de forma respectuosa e cooperativa nas clases prácticas da aula de música.

OPCIÓN A.

Aqueles grupos ou clases que desexen impartir a materia de forma práctica, deberán cumprir unhas pautas básicas en canto a súa actitude e disposición en aula, que redactamos a continuación:

- Participación activa, positiva e respectuosa seguindo as pautas determinadas polo profesora para cada actividade proposta(musical, teatral, interpretación instrumental, interpretacións vogais, recitado, doblaxe, audición, concentración, memoria, psicomotricidade, danza...).

Respectaran tamén aos compañeiros que exerzan como monitores en determinados momentos do traballo en aula , extremando con eles a súa actitude respectuosa e de aproveitamento da súa axuda.

- Coidado e respecto de todo o material co que traballamos en aula, desde unha fotocopia (fundas plástico, económicas para o seu coidado) ata un instrumento musical, mobiliario e demais materiais de traballo de gravación audiovisual da nosa aula de música. O alumnado irá recibindo pautas para o seu coidado que deberá ter sempre en conta.

- Intervención en aula axeitada segundo a actividade a realizar. Non interromper as tarefas doutros compañeiros e profesor con intervencións non apropiadas, fora de tempo e lugar, que interrompen explicacións e retardan o traballo xeral do grupo.

- Os grupos comprometidos nesta opción A, verán que as actividades durante o curso na materia de música, por tratarse dun arte temporal e en constante evolución irán adaptándose aos acontecementos culturais e artísticos do noso entorno mais próximo, e buscarán como obxectivo clave a educación en valores e a formación do individuo a través de diferentes propostas nas que terán opción de participar en diferentes facetas, que lle permitan desenvolver as súas destrezas e competencias, ao mesmo tempo superando medos e dificultades nos diferentes retos propostos.

- Comprometerse a realización dun "Diario de Traballo" no que anotarán a súa evolución en cada clase segundo as súas posibilidades e competencias, que axude a marcha do grupo e a acadar os obxectivos determinados. O alumnado de música terá

unha folla de diario persoal na

que anotaran a súa evolución no manexo dos contidos e estándares acadados. Esta folla será coidada polo alumno e tida en conta para a súa avaliación, polo que non poden perdela e serán responsables facendo unha copia si o considerasen necesario, xa que a súa nota de avaliación dependerá da súa evolución diaria en aula.

- O alumnado auto avaliarase de forma responsable e detallada cubrindo as rúbricas que o profesor facilitará a todos os membros do grupo, e a través das cales os familiares e titores poden ver a súa evolución na materia nas distintas actividades que se leven a cabo.

-Presentación dos traballos e exercicios segundo as pautas establecidas no centro para secundaria ou bacharelato. Aplicable aos alumnos que fagan nesta materia as probas de EOR e outros traballos de investigación vinculados as saídas extraescolares. Recibirán información desta ao comezo do curso antes da avaliación inicial.

- O alumnado dun grupo ou clase da OPCIÓN A, mostrarase comprometido coa materia e irá cumprindo os prazos establecidos para a entrega de cada exercicio ou traballo escrito, ademais de ter sempre en aula a súa folla de diario, para a auto-avaliación da súa evolución.

Participará nas condicións sinaladas anteriormente, imprescindibles para entender o traballo disciplinado e respectuoso propio dos músicos e das formacións artísticas. **A OPCIÓN A** está baseada nunha metodoloxía de aprendizaxe musical práctico, vivido a través das experiencias e proxectos levados a cabo na aula. A totalidade do grupo chegará a acordos entre eles para participar nesta opción.

OPCIÓN B. PROGRAMACIÓN DE MÚSICA.

Tratase dunha forma de estudo musical cunha metodoloxía fundamentalmente teórica e auditiva, na que o alumnado de música recibirá a súa formación a través dun libro , no que irán coñecendo a música dunha forma non práctica, a excepción das audicións que acompañan cada tema. Os grupos que ao principio de curso demostren non estar capacitados para seguir as pautas indicadas na opción A, sairán da Aula Específica de Música e impartirán clase nunha aula ordinaria. Non é un castigo é outra forma de impartir a materia. O alumnado debe comprender que para utilizar a aula de música e impartir esta materia de forma práctica e responsable deben cumprir unhas normas baseadas no respecto entre individuos do mesmo grupo. Entenderán tamén que dentro dun grupo, o profesor non pode dividir a este e dar "clases particulares" de prácticas instrumental e interpretación só aos que cumpran as normas, apartando da clase ao resto, xa que estaríamos incumprindo gravemente varios dos obxectivos xerais desta etapa, que falan de educar en igualdade, fortalecendo as competencias e axudando ao desenvolvemento de destrezas de todo o grupo. A materia de música e integradora, unha materia para a socialización do grupo de alumnos e todos deben comprometerse.

Materias e metodoloxía para a OPCIÓN B.

- O alumnado de música recibirá na aula ordinaria o préstamo dun libro para de texto para consulta da Editorial Editex Música I/II ou Bacharelato co que se traballará en aula unha serie de exercicios escritos, como a realización de esquemas , resumos do tema e análises e comentario das audicións.

- No momento que o profesor considere utilizaranse tamén os CD de audicións de este material de consulta, para completar a súa formación.

- O alumnado reflexará a través de controis individuais escritos de cada tema os seu coñecementos da cultura musical histórica. As notas acadadas en cada un dos temas que se cheguen a impartir trimestralmente (mínimo 2, máximo 4), superarán todos a nota mínima de 3 para que poidan facer media. As audicións sobre as que se fagan análise, entrarán para a súa valoración tamén coas mesmas condicións para a nota media. A nota máxima acadada nos exercicios escritos será de 8. O resto irá en función do cumprimento do resto dos obxectivos mínimos.(Presentación en prazo, presentación segundo as pautas establecidas, interés e esforzo...etc). Reservarase o 0.5, para aqueles alumnos que acaden a súa nota máxima no seu traballo de EOR.

Esta opción trátase dunha metodoloxía de carácter teórico, lonxe da práctica instrumental e o carácter dinámico e participativo da opción A. Este recurso da programación utilizarase en grupos nos que algúns membros mostren conductas contrarias as pautas establecidas nos apartados anteriores. Tamén aplicarase de forma inmediata nos grupos nos que houbese actitudes contrarias a normas de convivencia no centro.

Si un grupo foi desprazado a unha aula ordinaria, está nesta situación e quere novamente impartir clase práctica na opción A, deberá levar a cabo un procedemento por escrito no que cada alumno se comprometa persoalmente a seguir as conductas correctas, e fagan unha aceptación das normas tamén como grupo. Previa información desta e consentimento das familias, que deberán coñecer sempre a situación e acordo final coa totalidade do seu grupo ou clase.

ANEXO I

DEPARTAMENTO DE MÚSICA.

SOLICITUDE INDIVIDUAL DE PARTICIPACIÓN NA MATERIA

DE MÚSICA A TRAVÉS DA OPCIÓN A

A alumna ou alumno do grupo ESO/ Bacharelato do IES Poeta Díaz Castro,

de nome e apelidos....., **informada previamente a súa Nai/Pai ou familiar titor responsable** fora do centro que responde aos seguintes datos:

Nai/Pai/ Familiar titor responsable:

.....

con DNI.....

Como Nai/ Pai/ Familiar titor responsable fun informado desta situación e asino

abaixo: Sinatura Nai/ Pai/ Familiar titor responsable: _____

Coñece a través deste escrito os seguintes feitos:

Expoñemos:

Que o día.....de..... de....., o grupo/ curso.....

foron desprazados

para traballar fora da aula de específica música a unha aula ordinaria, o grupo/ curso., pola participación inadecuada na materia de varios dos compañeiros deste grupo, ou por ter mantido algún membro do grupo actitudes contrarias á convivencia no centro, polo que se procedeu a suspender o traballo práctico na materia a todo o grupo, xa que non é viable traballar nesta aula específica si non se compren as pautas e actitudes básicas para o traballo respectuoso na materia. Mentres que o grupo non faga consenso e recapacite en equipo,

valore os erros cometidos de forma individual e colectiva, o alumnado impartirá a materia dunha forma teórica utilizando un libro de texto de consulta facilitado polo departamento de música, que se utilizará unicamente en aula.

Así mesmo:

A alumna/odo grupo.....

Solicita:

Poder ser avaliado nesta materia na OPCIÓN A proposta na programación, comprometéndose de forma individual e colectiva co resto do compañeiros ao cumprimento dentro da Aula de Música das seguintes pautas:

Aqueles grupos ou clases que desexen impartir a materia de forma práctica, deberán cumprir unhas normas básicas en canto a súa actitude e disposición en aula, que redactamos a continuación:

- Participación activa, positiva e respectuosa seguindo as pautas determinadas polo profesora para cada actividade proposta(musical, teatral, interpretación instrumental, interpretacións vogais, recitado, dobraxe, audición, concentración, memoria, psicomotricidade, danza.).

Respectaran tamén aos compañeiros que exerzan como monitores en determinados momentos do traballo en aula , extremando con eles a súa actitude respectuosa e de aproveitamento da súa axuda.

- Coidado e respecto de todo o material co que traballamos en aula, desde unha fotocopia (fundas plástico, económicas para o seu coidado) ata un instrumento musical, mobiliario e demais materiais de traballo de gravación audiovisual da nosa aula de música. O alumnado irá recibindo pautas para o seu coidado que deberá ter sempre en conta.

- Intervención en aula axeitada segundo a actividade a realizar. Non interromper as tarefas doutros compañeiros e profesor con intervencións non apropiadas, interrupcións esporádicas fora de tempo e lugar, que interrompen explicacións e retardan o traballo xeral do grupo.

- Os grupos comprometidos nesta opción A, verán que as actividades durante o curso na materia de música, por tratarse dun arte temporal e en constante evolución irán adaptándose aos acontecementos culturais e artísticos do noso entorno mais próximo, e buscarán como obxectivo clave a educación en valores e a formación do individuo a través de diferentes propostas nas que terán opción de participar en diferentes facetas, que lle permitan desenvolver as súas destrezas e competencias, ao mesmo tempo superando retos nas diferentes propostas.

- Comprometerse a realización dun "Diario de Traballo" no que anotarán a súa evolución en cada clase segundo as súas posibilidades e competencias, que axude a marcha do grupo e a acadar os obxectivos determinados. O alumnado de música terá unha folla de diario persoal na que anotaran a súa evolución no manexo dos contidos e estándares acadados. Esta folla será

coidada polo alumno e tida en conta para a súa avaliación, polo que si a perden, perderían tamén esta nota.

- O alumnado auto avaliarase de forma responsable e detallada cubrindo as rúbricas que o profesor facilitará a todos os membros do grupo, e a través das cales os familiares e titores poden ver a súa evolución na materia nas distintas actividades que se leven a cabo.

-Presentación dos traballos e exercicios segundo as pautas establecidas no centro para secundaria ou bacharelato. Aplicable aos alumnos que fagan nesta materia as probas de EOR e outros traballos de investigación vinculados as saídas extraescolares. Recibirán información desta ao comezo do curso antes da avaliación inicial.

- O alumnado dun grupo ou clase da OPCIÓN A, mostrarase comprometido coa materia e irá cumprindo os prazos establecidos para a entrega de cada exercicio escrito trimestral.

Participará nas condicións sinaladas anteriormente, imprescindibles para entender o traballo disciplinado e respectuoso propio dos músicos e das formacións artísticas . A OPCIÓN A está baseada nunha metodoloxía de aprendizaxe musical práctico, vivido a través das experiencias e proxectos levados a cabo na aula. A totalidade do grupo chegará a acordos entre eles para participar nesta opción.

O grupo traballará como tal, e valorarase o traballo cooperativo e respectuoso de todos en cada actividade.

A finalidade principal de este proceso é o traballo responsable en aula, non só de forma individual, tamén como membros dun equipo, no que todos deben ser respectados e integrados en igualdade. O compromiso de todos é fundamental, no traballo cooperativo en aula conta que os que poden axudar así o fagan e os que non poden ou non saben, se deixen axudar e sexan respectuosos e agradecidos co resto de compañeiros en todo momento. Ese é o obxectivo principal da materia.

Entendendo agora o funcionamento da materia con actitude para mellorar e corrir erros, seguindo as pautas anteriores, expreso mediante este escrito a miña intención de seguir as pautas da opción A, como xa o estaba facendo de forma correcta ou corrir aquelas conductas incorrectas pola miña parte, para poder traballar de forma práctica e cooperativa na materia de música.

Alumna/o:

Asinado:

En Guitiriz, a.....dede 20.....

ANEXO II CAMBIOS NA PROGRAMACIÓN POR CAUSAS
EXCEPCIONAIS DE ESTADO DE ALARMA

DEPARTAMENTO DE MÚSICA
MEDIDAS EXTRAORDINARIAS DE AVALIACIÓN
E RECUPERACIÓN DA MATERIA DE MÚSICA NO 3º TRIMESTRE
do curso 2019/20.

Pautas básicas e acordos:

1. A avaliación de música é continua, polo que o traballo do alumnado, a súa actitude e evolución na materia de música durante o curso, será tido en conta na avaliación final. O traballo realizado no 3º trimestre vía telemática, favorecerá ao alumnado que xa aprobou no segundo trimestre, nas súas calificacións finais, ou servirá para recuperar a materia, no caso de ter suspensa a 2ª avaliación.

A nota final, decidírase en primeiro lugar, en función do traballo realizado no primeiro e segundo trimestre, tendo en conta a evolución xeral ao longo do curso do alumnado.

Esta nota subirá segundo o nivel de participación nas actividades realizadas telemáticamente, o esforzo e interese posto no terceiro trimestre, o cal terá carácter de reforzo e buscará favorecer no alumnado o desenvolvemento das competencias básicas.

2. Tarefas de reforzo de competencias básicas do departamento de música.

Plataforma de traballo.

O traballo telemático realízase desde o mes de outubro na materia de música, a través da plataforma classroom, na que cada alumno de música, abriu unha conta para rexistrarse co seu gmail. Esta plataforma foi o medio a través do cal os alumnos facían entregas dos seus diarios de aula, ou traballos de EOR, traballos de historia ou investigación musical e outros proxectos. Na actualidade e desde o pasado 13 de marzo, a profesora de música, seguiu impartindo clase alí en horario habitual para cada curso. No taboleiro da plataforma classroom e na pestana do traballo de clase, están abertas diferentes propostas accesibles a todos e as súas circunstancias, para que poidan ir entregando tarefas de reforzo para subir nota ou de recuperación da materia, no caso de alumnado suspenso.

Outros alumnos que xustificaron previamente co titor, que non poden acceder as tarefas en classroom, solicitaran que se lles envíen ao correo gmail o material, para que podan facer entrega igualmente dos seus traballos de reforzo ou recuperación no enderezo: aulamusicadiazcastro@gmail.com. Os alumnos que non poden acceder aos materiais en classroom deberán solicitar as tarefas de reforzo ou recuperación a súa profesora no gmail facilitado.

Pautas a realizar nas entregas de tarefas. Débense confirmar recibidos e entregas.

Os correos con exercicios ou as entregas na plataforma classroom, sempre deben ser confirmadas por alumnado e profesor. É dicir, si un alumno entregou unha tarefa e no prazo dunha semana, non recibiu confirmación do seu profesor conforme está corrixida, o alumno deberá notificalo por correo a: aulamusicadiazcastro@gmail.com. As tarefas nas que o profesor non envíe resposta ao alumno, non se considerarán entregadas. Por outra banda, si un alumno recibe un correo informativo ou cunha tarefa do profesor, deberá enviar UN RECIBIDO a súa profesora, para que esta, entenda que o alumno xa recibiu a información, de non ser así o profesor informará ao titor, que o alumno non responde aos correos, grupais ou individuais, e deixaremos rexistro desta situación semanalmente.

Tarefas propostas e organización semanal.

O alumnado en cada clase ou semanalmente, en función das súas posibilidades, manterá contacto co profesor, para consultar dúbidas e pedir as pautas e axuda que precisa para

conseguir levar a cabo as tarefas propostas como se ven facendo desde o pasado 13 de marzo.

Ofertaranse diferentes actividades que axuden a reforzar os obxectivos mínimos e competencias básicas. O alumno que ten mais dificultade para realizar as tarefas, pode solicitar axudar vía gmail a aulamusicadiazcastro@gmail.com

Para que as actividades realizadas polo alumno consten entregadas semanalmente, enviaranse na medida do posible, na sesión de clase, ou de luns a venres, senón a tarefa constará entregada na semana seguinte. Cada alumno irá entregando un pequeno exercicio dentro da oferta que teñen, de xeito que o profesor poda ir valorando a súa mellora dunha semana a outra. Non son tarefas extraescolares, nin deberes, é interesante realizalas durante a sesión de clase, para seguir unha rutina, só nos casos que a súa situación persoal o permita, senón sempre está ben informar ao titor de situacións excepcionais.

Crterios para superar a materia.

O alumnado de música coa segunda avaliación suspensa e con baixa ou nula participación inustificada na aula virtual de música nesta terceira avaliación, acadará unha avaliación negativa, suspendendo a materia na nota final. Si este alumno pasara de curso, faría tarefas de recuperación desta materia no curso seguinte.

O alumnado que ten a segunda avaliación aprobada e non está participando nas actividades de reforzo, sen xustificación, non terá opción de subir a nota final e estes datos constaran no informe individualizado de cada alumno.

A mellora da nota do alumno que xa ten aprobada a materia, virá determinada, polo nivel acadado no desenvolvemento das seguintes competencias básicas.

Unificación de CRITERIOS de CUALIFICACIÓN en relación a avaliación de competencias básicas, para ESO e Bacharelato.

<p>Crterios de Avaliación en relación aos seguintes bloques de contidos na ESO: Bloque de Contidos. Bloque I Interpretación e creación Bloque II escoita Bloque III Contextos musicais e culturais Bloque IV Música e tecnoloxía.</p>	<p>Competencias. CAA: competencia aprender a aprender. CLL: competencia comunicación lingüística CCEC: Conciencia e expresións culturais. CSIEE: Sentido de iniciativa e espírito emprendedor. CSC: Competencia conciencia social e cívica. CMCCT: competencia matemática, científico tecnolóxica. CD. Competencia dixital</p>
---	--

<p> Criterios de avaliación en relación aos bloques de contidos de Bacharelato: Bloque 1 "Destrezas musicais". Bloque 2" Audición comprensiva" Bloque 3 "A teoría musical" Bloque 4 "A creación e a interpretación" Bloque 5 "As tecnoloxías aplicadas ao son" </p>	
<p>Criterios xerais de avaliación ante a situación excepcional da terceira aval.</p>	<p>Avaliamos as seguintes competencias no alumnado.</p>
<p>1. Participa de xeito activo na aula de música virtual ou a través do gmail, con actitude respectuosa e organizada, seguindo as pautas e consultando dúbidas, para reforzar ou recuperar a materia.</p>	<p>CAA CSIEE CSC</p>
<p>2. Interpreta mediante a lectura, entoación vocal, instrumental ou ritmicamente coas mans, ou a través da danza, estruturas musicais sinxelas propostas en diferentes exercicios da súa aula virtual. (8- 16 compases mínimo).</p>	<p>CCEC CAA</p>
<p>3. Identifica nas partituras, elementos musicais, figuras rítmicas básicas e patróns rítmicos e melódicos coa axuda de audicións de apoio complementarias en cada tarefa e materiais de reforzo.</p>	<p>CAA CMCCT</p>
<p>4. Realiza a través da súa conta gmail ou da conta grupal en classroom, un seguimento correcto das diferentes propostas, solucionando dúbidas co profesor.</p>	<p>CD CSIEE</p>
<p>5. Demostra capacidade para enviar un correo detallando o asunto e axuntando arquivos de audio, vídeo ou texto, identificándose de xeito adecuado ben a través de DRIVE co gmail ou da plataforma de entrega de tarefas en classroom.</p>	<p>CCL CD CSIEE</p>
<p>6. Utiliza os recursos informáticos e didácticos ao seu alcance para manterse informado e contestar as diferentes propostas do seu profesor en cada sesión</p>	<p>CD CSC CSIEE</p>

de clase, ou nalgún momento durante a semana.	
7. Participa nas diferentes propostas da aula, amosando respecto e interese en mellorar as súas competencias entregando semanalmente algún exercicio para que o seu profesor realice un seguimento correcto da súa evolución semanal.	CAA CSC
8. Confirma ter recibido os correos e a información que se lle envía, cun recibido e pide devolución de traballos corrixidos ao profesor, para non dar pé a dúbidas nas entregas e devolucions de tarefas e utiliza as diferentes vías de comunicación co profesor para informar de posibles adversidades e conseguir solucións alternativas.	CSC CAA CD
9. Transforma a información dixital en coñecementos prácticos, sendo capaz de redactar un traballo de investigación cultural ben redactado e organizando, especificando as fontes, ou responder a un cuestionario de forma organizada, clara e coa terminoloxía axeitada.	CCEC CMCCT CCL
10. Participa nos diferentes proxectos de creación artística, aportando ideas, información solicitada e materiais para enriquecer a actividade do grupo.	CAA CSC CSIEE

Instrumentos de avaliación.

Proposta de diferentes tarefas na materia de música ao longo do terceiro trimestre.

1. Rexistro autónomo do traballo de aula semanal a través do diario de aula do alumno, no que deixará por escrito unha breve descrición da actividade realizada en casa e dos obxectivos acadados e os pendentes. Dúbidas para consultar a profesora. (só na E.S.O)
2. Gravacións musicais como rexistro sonoro ou vídeo, en función da actividade, para recoller e facer rexistro da evolución do alumno,(mellor enviadas semanalmente ao pouco).
3. Breve investigación dalgún tema artístico musical e posterior cuestionario, para valorar a competencias en lecto- escritura, comprensión e como alternativa a outras actividades que o alumnado non é capaz de realizar só, nesta situación excepcional.
4. Envío de arquivos de texto, fotográficos ou imaxes gravadas de breve duración para participar nas propostas de proxectos grupais.
5. Colaboración en documentos compartidos en DRIVE, para a redacción de textos e 295

ideas propostas nos proxectos grupais.

Departamento de Música.